

NOVAS TURONIO

Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

ANO 2 | Edición nº 15 | Marzo de 2017 | PRECIO 0,50 EUROS

**A Escola de Turismo
forma aos hosteleiros
de Arbo**

Páxina 9

**O CPA Condado
Salvaterra subcampeón
galego de Grupos Show**

Páxina 11

**O Estudo de Mobilidade
propón duplicar as áreas
peonís do núcleo de
Mondariz**

Páxina 14

**Arquivan os cargos
contra Nelson Santos,
M. Alejandro Lorenzo e
J. Manuel Jacobo**

Páxina 18

**1ª Feira de Emprego e
Formación do Alto Minho
a 1 e 2 de abril**

Páxina 30



As comparsas tomiñesas arrasan cos premios en Santiago de Compostela, Vigo e arredores

En Santiago de Compostela tres comparsas de Tomiño, Ciklón, Estrelas da Noite e Lucas, acadaron primeiro, segundo e terceiro premio, respectivamente. Tamén o primeiro premio de Vigo foi para Lucas, de Tomiño, coa súa espectacular réplica da ponte Rialto, de

Venecia, arredor da que danzaban parellas con traxes de época.

Ciklón acumulou cinco grandes premios coa súa "Ponte en hora": catro primeiros (Pontevedra, O Rosal, Ames e Santiago de Compostela) e un segundo (Baiona).



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNES PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Criminalizarmos as opinións

A té primeiros do 2001 no Dereito Penal español o réxime punitivo a respecto da apoloxía do terrorismo era o xeral que rexía e rexe para toda apoloxía do delito: só se castiga aquela apoloxía en canto constituía unha provocación que, ademais, pola súa natureza e circunstancias, supoña un convite directo a cometer un delito.

Mais un neófito ZP mercoulle a teoría ao peor Aznar do aznarato e, da man do chamado Pacto antiterrorista, aprobouse en decembro de 2000 unha reforma que introduciu un novo delito destinado só á apoloxía do terrorismo, que pena todo xeito de reivindicación ou xustificación e calquera conduta que, ademais, promova a falla de creto ou humillación das vítimas. Ou sexa, que temos unha regra excepcional para o terrorismo que non se predica dos asasinatos en xeral, dos crimes machistas ou dos crimes do franquismo. Unha norma excepcional, que representa unha concepción propia do Dereito Penal do inimigo e, polo mesmo, resulta inconstitucional. A Constitución interprétase no eido dos dereitos fundamentais consonte coa xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos

Humanos e máis cedo ca tarde habermos asistir á anulación das sentenzas que defenden unha interpretación da apoloxía do terrorismo allea á regra xeral da apoloxía do delito (a última a do Tribunal Supremo condenando ao Strawberry de Def con Dos).

Para entendermos a grandísima trapa-lada da persecución destas condutas, abonda saber que ETA abandonou a súa actividade hai xa máis de cinco anos. Pois ben, no 2011 abríronse 5 causas por esta caste de delitos, no 2015 25. Non fai sentido ningún, verdade? No canto de perseguir a corrupción ou percurar a nosa seguranza fronte o yihadismo, policía xudicial, fiscais e xuíces dese Tribunal de excepción-sucesor do franquista Tribunal da Orde Pública- chamado "Audiencia Nacional" adican os recursos que lles pagamos todos para pescudar e mesmo condenar tweets de gamberros, freakies ou descerebrados.

Nas democracias existe un amplísimo respecto á liberdade de expresión. O Dereito Penal do Estado democrático só ha castigar as condutas verdadeiramente lesivas e graves para a convivencia. Nas democracias non se impón pena por opinar, por bárbara que a opinión fór.

Gobernarmos as estradas



Hai dúas competencias que son fulcrais no artellamento do autogoberno galego, porque resolverían moitos problemas e mellorarían o noso benestar: a competencia sobre a AP-9 (a autoestrada do Atlántico) e máis a xestión do tránsito nas nosas vías interurbanas, hoxe nas mans da DGT estatal.

A Garda Civil de Tráfico impón 147 multas por 1.000 habitantes no noso país, mentres que a media nos outros 13 territorios que xestiona (todos menos Navarra, Euskadi e Catalunya, nos que teñen transferidas as competencias e nos que actúa cadansúa policía autonómica) é de 85. É dicir, poñen 170.000 multas máis. Un lote de cartos que perdemos os galegos. Porque Galicia ten unha poboación espallada que precisa moito máis do transporte privado, tendo en conta a nosa carencia de servizos ferroviarios de proximidade.

No 2008 o vicepresidente Anxo Quintana (BNG) foi quén de artellar unha coalición nacional unánime co PP e PSOE no Parlamento de Galicia para acadar a transferencia das competencias de tránsito. En setembro do 2010 a pulsión unionista de Pepe Blanco, consentida polo ZP e pola abstención do PP, rexeitaba no Congreso de Madrid a proposición galega, coa indigna abstención do PP.

Pedro Puy (PPdeG) e Xaquín F. Leiceaga (PSOE) non podían aturar a vergoña.

Precisamos dun sistema de regulación do tránsito que mire cara a nosa seguranza vial e non á recadación da DXT e do Goberno do Estado. E, tamén, dunha xestión galega da AP-9, orientada a liberalizar a peaxe na vía máis importante da nosa nación. Para máis, o normal sería, ao tempo, transferirmos a xestión do mantemento das estradas estatais. Cómpre transferir á Xunta, por nidas razóns de economía e operatividade, todos os kms de estradas, que absurdamente aínda fican na xestión dun lonxano, incompetente e inoperante Ministerio de Fomento.

Velaí a necesidade desta transferencia. E para xestionármola contamos coa mellor policía territorial de Tránsito, os gardas civís, pero a estrutura xerárquica e militar da Garda Civil faina impracticábel para esta función. Porén, as bases legais do Estatuto e da Lei de Policía galega fan posíbel a xestión galega das estradas.

Claro é que esta legalidade sería unha realidade se o presidente Feijóo e o vice Rueda actuaran na defensa dos intereses galegos e non desenvolveran a meritocracia unionista que desenvolven día a día.

Por: Ramón Coira Luaces

Unha Viaxe a Irlanda

O ano pasado fun a Irlanda coa familia e pasámolo moi ben. Celebraban o centenario do alzamento de Pascua de 1916 contra o dominio inglés, con paneis informativos e exposicións fotográficas. Foi esta unha sublevación condenada ao fracaso, mais os rebeldes gañaron a simpatía da poboación irlandesa e iniciouse así o conflito violento que desembocou na independencia de Eire. Houbo tamén rebelións máis antigas, porén todas fracasaron ante o poder militar inglés. E tamén houbo intentos de liberarse ou de atenuar o xugo inglés pacificamente.

A nosa visita foi superficial -como este artigo- e circunscribiuse a Dublín e arredores, mais foi suficiente para gozar dos pubs irlandeses, onde se come divinamente e pódese escoitar boa música, e para achegarnos un pouco a este país co que nos unen certos lazos.

No museo histórico e arqueolóxico de Dublín, contemplamos vestixios do pasado celta e normando de Irlanda, tamén chamada a Illa Esmeralda polo verdor dos seus campos. Bosques quedan poucos e, aínda así, vimos un, onde a guía nos contou lendas dos tranos irlandeses, chamados léprecons, que disque gardan tesouros de ouro que non gustan de entregar.

Os e as guías contan anécdotas da opresión inglesa e falan da praga da pataca que matou de fame a parte da poboación irlandesa de mediados do s. XIX, ante a indiferencia do goberno británico da época. Moitos emigraron -principalmente a Estados Unidos- para fuxir da fame: o irlandés tamén é un pobo emigrante. Chamoume a atención ver as portas de moitas casas pintadas de vivas cores; preguntei ao respecto e díxéronme (non sei que credibilidade darlle) que cando morrera unha raíña británica, uns ingleses pintaron as súas portas de negro, en sinal de loito; e os irlandeses que os viron, pintaron as súas de vivas cores.

Non vimos toda Irlanda, nin moito menos, porén gostamos moito do que vimos e das saborosas pintas de cervexa negra, tomadas en bo ambiente. A xente pareceume tranquila, amable e sinxela. Merquei algo de música tradicional para escoitar aquí e aínda a poño no coche de



cando en vez. Mágoa que o meu inglés da para pouco.

É moito mellor o do meu fillo, do que nos servimos en máis dunha ocasión. O gaélico fálase nalgúns condados do oeste, é idioma oficial e estúdase no ensino mais está en franco retroceso. O inglés arrasa: os irlandeses liberáronse da opresión inglesa, no entanto o inglés desprazou ao gaélico case completamente. A maioría da poboación sigue sendo católica, pero xa non se deixa guiar tanto pola Igrexa como

no pasado, talvez polos escándalos de abusos sexuais a menores e de atropelos a mozas recluídas por saírense da norma social e sexual dun pasado recente. E así vimos hai pouco como o pobo irlandés aprobaba en referendun o matrimonio homo-

sexual, en contra da opinión da Igrexa. Nas rúas vense bastantes pobres pedindo, aínda que quizais non tantos como en Galicia.

Os irlandeses son pouco disciplinados no que atinxe aos semáforos e cruzan como lles vén en gana. Tamén me chamou a atención que as froitas véndense por unidades nas tendas de comestibles e o feito de non ver froiterías específicas. Os

parques públicos de Dublín son grandes e fermosos, da gusto pasear por eles. Nun deles hai un colosal monumento ao duque de Wellington, vencedor de Napoleón en Waterloo e noutro hai un monumento ao tamén irlandés Oscar Wilde, escritor afaado ao que as leis inglesas lle fixeron pagar moi cara a súa homosexualidade. E, detrás da súa bonita estatua, hai un pequeno parque infantil no que tamén se representa a un dos seus personaxes: o xigante egoísta. Porén a súa obra máis famosa sería O retrato de Dorian Grey. Outro escritor sonado irlandés foi James Joyce, autor do Ulysses (que eu fun incapaz de rematar), que tamén ten unha estatua nunha rúa céntrica de Dublín. E remato estes comentarios epidérmicos cunha referencia ao manuscrito de Kelly e ás súas fermosas ilustracións elaboradas polos monxes irlandeses do século s.IX, gardado nunha biblioteca que é obrigado visitar. A cidade está atravesada polo río Liffey e hai numerosas pontes que unen ambas as dúas partes, algunha delas particularmente atractiva. Irlanda tamén é unha illa con moitos e espectaculares acantilados e, nalgún deles, vin un cartaz cun teléfono de axuda para disuadiren a posibles suicidas.

Para ir a Dublín hai voos directos desde Vigo, así que se vos animades, xa sabedes.



Por: Guillermo Rodríguez

Director



Punto e aparte...

Dise que toda persoa debe saber cando ten que dar un xiro á súa vida. É habitual que nos deixemos levar pola inercia e sigamos un camiño que sabemos nos conduce a ningures, sen embargo seguimos como autómatas sen cambiar de rumbo. Claro que tampouco se trata de estar dando tombos sen ter unha polar face á que camiñar.

Eu, particularmente, levo un montón de anos seguindo unha pista que entendía era a correcta: coñecer, aprender, buscar para darlle un cambio a este País dos meus pecados e a min mesmo. Hoxe teño que declarar publicamente, sen que ningún alguacil me citara ao banco dos acusados, que seguía unha pista falsa. Os camiños polos que se nos permite circular non conducen a ningún sitio. Están deseñados de tal maneira que se volven sobre si mesmos. Son coma unha nora. Damos voltas e máis voltas para non chegar a ningún sitio.

Confeso que nos últimos 20 ou 30 anos da miña vida fun unha persoa cunhas inxedanzas pouco habituais en persoas que coma no meu caso procedían dun substrato social máis ben baixo. Eu nacín nunha aldea aínda que na miña casa existiran libros nos anos 40. Iso marcaba certa diferenza co entorno pero non a suficiente para que un crío puidera dende pequeno ter acceso ao mundo, a ese mundo mítico que todo neno/a quere coñecer.

Superado ese hándicap con traballo, estudo e tesón, acadei unha formación que poderíamos cualificar de aceptable. Despois de facer unha carreira e ampliar estudos no que me foi posible, atopeime, nos últimos 30 anos en disposición de contribuír con algo a este mundo dominado polas elites e coas súas virtualidades reservadas só para uns cantos. Decidín facer algo. Saír ao mundo, dicir cousas, publicar xornais que puideran informar doutro xeito, con liberdade, con verdade, sen censuras. Eu mesmo me entreguei a ese labor en corpo e alma. Tiña que estar informado para poder informar. Dise que sen información non pode haber opinión. Certo. De que podemos falar se antes nos estamos informados do tema que

pretendemos tratar?

Pero xa me cansei. Declárome vencido. Como aquela declaración tristemente histórica “vencidos y derrotados los últimos rebeldes (ou algo así), la guerra ha terminado”; lémbrense..?

Eu tamén fun derrotado. Cheguei á conclusión de que a información que nos chega polas canles habituais está contaminada. Só serve para alienarnos, drogar-nos, intoxicar as nosas mentes,

mesmo destino: crer que os que nos gobernan son os mellores e que se preocupan pola nosa tranquilidade e benestar. Todo é falso.

Os medios de comunicación traballan, xa o teño escrito máis veces, “pro domo sua”, que dirían os clásicos. Son os grandes clubs financeiros quen marcan as directrices do que se di e de cómo debe dicirse. Sei que isto lle vai proer aos profesionais da información pero, sentíndoo

ían por un camiño que eu nunca transitaría. Quería coñecer tamén como pensan os demais, os que non comungan coas ideas que eu teño de como debe ser esta sociedade que vivimos e conformamos. Así o fixen durante un montón de anos. Hoxe digo “punto e aparte”. Xa non perdo o tempo nos xornais diarios que nos ofrecen as cafeterías, os bancos, as perruquerías. Agora bóttolle unha ollada por enriba, leo os titulares e se hai algunha reportaxe interesante sobre algo histórico que non sexa de interese para o IBEX 35 aínda me paro a lela. Agora voume limitar a ler aqueles medios que existen á marxe dos terratenentes; dos que aínda soportan información que non está comprada nin defende aos membros do Clube BILDERBERG. Acudo a xornais dixitais pouco coñecidos, mentres non sexan atacados polo virus do diñeiro. Revistas raras, caras pero con contidos diferentes. Xa non nos queda moitas fontes onde beber auga sen contaminar pero aínda quedan algunhas.

Veño comprobando nos últimos tempos como se lle declara a guerra informativa a persoas, organizacións políticas, plataformas cidadáns que loitan por un mundo mellor. Como se lles denigra, se mente descaradamente para presentar feitos como se foran verdades coma puños, etc. Xa non aguanto máis. A min xa non me rouban máis horas da vida. Decidín ir deixando pouco a pouco, non vai a ser que sufra unha crise de ansiedade por cambiar os meus costumes bruscamente. Agora digo “punto e aparte e letra maiúscula”, como cando facía indicacións aos meus alumnos á hora de escribir ao meu ditado.

Xa me sinto mellor e aínda apenas comencei o tratamento. Supoño que de agora en diante cada vez poderei desfrutar máis das miñas lecturas. Lecturas das que lles irei informando pero sempre tratando de que se decaten de que este virus que a min me atacou tamén lles está atacando a vostedes aínda que non o noten.



confundirnos. Teño, mellor dito, tiña o costume de ler tres ou catro xornais diariamente de maneira concienciada, non lle vendo os titulares e as páxinas de deportes, que iso vén sendo o habitual para unha inmensa maioría de lectores de prensa. Eu tragábame os xornais como vulgarmente se di de pé a pá. Inútil intento. Cada día funme decatando de que todos estaban confabulados para levarnos ao

moito, teño que dicirlles que eles/as saben que digo a verdade, aínda que esta sexa difícil de aceptar. As liñas editoriais dos medios sempre están na dirección que marca a banca, os lobbis, as grandes empresas, etc. Nunha palabra, o diñeiro. Crer nas avelañas preñadas pode ser moi romántico, pero é unha sinxela necidade.

Antes lía con fruición e interese todo tipo de artigos aínda aqueles que sabían



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Balomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

OPINIÓN

Mero

por: Baldomero Iglesias Dobarrio

Non será por falta de razóns.

Hoxe son moitas as razóns que atoldan o Sol e nos deixan esmorecidos nesa permanente sombra negra, tan eterna. A primeira e máis importante razón, para esta mágoa, é aquela que supón o furto da democracia, aínda ben non sentida nin desfrutada, aínda non chegada pero tan agardada despois de tantos afagos e regateos inútiles, non chega por mor de non ter xustiza recoñecedora da verdade. Non a hai nin pode habela –por moito que nos mintan e mintamos. Con ningunha esperanza de democracia. É imposible. É tan certa a falta de xustiza que, por iso e só por iso, todos nós deberíamos estar en pé de rebeldía esixíndoa –sen violencia, iso si- co dereito que nos asiste a que se imparta e a que se escriba en letras grandes. Non esta que nos están botando en cara. Non hai xustiza, ou non é xusta, e por iso deberíamos estar nas rúas, esixindo o que nos corresponde. Todas as persoas deberíamos estar esixindo a aplicación dunha lei xusta –que tampouco é pedir moito, sobre todo desde a Lei Mordaza, que fose igual para

todos, que non poida escandalizar coas cousas que están a pasar tragando semellantes purgas sociais que nada teñen que ver coa lei nin co dereito, nin coa honestidade nin co sosego. É, repito, unha vergoña. Non entendo a mansedume de todos nós, non entendo o triunfo do noso domeamento, o de toda a sociedade, non entendo como escritores e escribidores, intelectuais e xentes do ramo, pero tamén toda sorte de xente con capacidade de criterio, con pensamento racional pode consentir que se burlen de nós con tanta cara, no medio de tanto silencio que consente. Moito menos entendo aos políticos, todos, pero sobre todo aqueles que habilmente calaron, conformados na mudez e sabidos do abuso. Están calados, que mágoa!

Vendo o que pasa, moitos aínda coidan que é necesario manter a monarquía. Está aí por vontade ditatorial daquel señor baixiño de Ferrol, ninguén puido rexeitala ou obviála. Non preguntaron. Entón non é democrática. Hai moitos que pensaron, con boa fe, que así saíamos beneficiados nun

servizo máis completo de transparencia, que nos prestaría e que gañaría cunha dobre garantía, a dunha base de esforzo e diversidade para construír unha sociedade máis plural e efectiva, case afectiva e recoñecedora desta nosa pluralidade entusiasta, animadora de proxectos e de modernidade. Non foi así, son –pola contra– un gasto que pagamos todos e que non dá o beneficio soñado. A infanta, guapa e ben servida dá boa imaxe de nós polo estranxeiro, pensou estar por riba do ben e do mal, rodeada de bufóns e sopra-gaitas, de empresarios influentes dos de sempre e ten aos mellores e máis espelidos xestores e administradores da súa facenda, en prevención para resolver –ou inventar– argumentos para canto puidera xurdir, coñecedores das artes finísimas dos protocolos reais que amparan a súa delicada imaxe, os seus comedidos comentarios, que nada teñen que ver coa xustiza –por suposto, aquela que “é igual para todos” anque para algúns sexa máis igual que para outros, pero a infanta foi cómplice e coartada, escudo e arma do seu marido, anque calen os xuíces.


Iso non se pode esquecer e de aí vén a nosa indignación, sobre todo cando pen-

samos naquel home ao que lle meteron 6 anos por roubar unha bicicleta, ou senón aquel rapaz que colleu unha tarxeta falsificada e gastou 79 euros por seis anos de caldeiro, ou aquela muller por gastar 190 € en comida e panos hixiénicos para os fillos, dunha tarxeta atopada na rúa, 27 meses no trullo. É igual, tan igual que os nosos presos políticos, presos independentistas, seguen cumprindo as xa esaxeradas penas ditadas pola lei particular dun tribunal que os trata de terroristas, anque isto está sen probar, sacando confesións feitas desde a mordaza, a dor e a malleira, no medo e na ameaza. Nin os desafuzados, nin os que teñen tres anos por mover un contedor do lixo, nin aos que lles meteron 6 anos por empuxar ao policía que os abusaba, non tiveron oportunidade de se defender da Lei Mordaza. Os “guapos” marchan de baleiro desfrutar dos beneficios que os consabidos gobernos lles outorgan e viven cómodos, anque tarde ou cedo terán que sentar no banco dos acusados, a luz será que os delate. Anque co prezo que leva...!



HUMOR

Por MARTIRENA



FUCO PRADO



PONTEAREAS

0 Exatleta José Teixeira, premio Cumbres del Suído de Deportes

Oxurado dos Premios Cumbre del Suido deu a coñecer o seu fallo na categoría dos Deportes, que recaeu no ex atleta José Teixeira Alonso un histórico do atletismo en Galicia e España.

José Teixeira, de 88 anos, é natural de Angoares, Ponteareas, e na década os anos 50 foi o protagonista de auténticas fazañas deportivas en diferentes probas do atletismo nacional e internacional, tendo en conta a carencia de medios e equipamento.

O atleta lembrou "Corría con alpargatas as cales en probas de campo a través moitas veces desgastábanse totalmente e tiña que seguir correndo, co que quedaba descalzo. O calzado e demais equipamento tiñao que poñer eu, pagar do meu peto os

desprazamentos e adestraba polos camiños, e os veciños es-trañábanse ao verme correr desa forma pois non viran nunca a outros atletas e dicíanme "nenos que andas buscando"

Aínda así con estes escasos recursos e apoios proclamouse Campión de España de 3000 metros obstáculo no 1951, 1953 e 1955, record de España nesta modalidade, así como campión de España en cross por equipos co Juvenil, varios campionatos de Galicia en 1500 lisos e obstáculos, 3000 obstáculos e cross, batendo varios records en distintas modalidades, e éxitos en campionatos internacionais, como o seu bronce nos Xogos do Mediterráneo.

A súa vida estivo sempre vinculada ao deporte, e foi o pre-

parador doutros atletas algún dos cales, como Enrique Freitas, chegou a ser campión nacional, tamén colaborou en campañas e difundindo os beneficios do deporte, na vida das persoas, tanto na parte física como psíquica "para levar unha vida sa".

Por todo iso o xurado dos Premios Cumes do Suido na súa X Edición decidiu por unanimidade distinguilo co Premio dos Deportes, como exemplo de esforzo e tesón, resaltando a súa traxectoria deportiva e humana, xa que sempre estivo á beira do deporte e os deportistas.



Os galardóns dos Premios Cumbres del Suido na súa X Edición- 2017 entregáranse, un ano máis, de forma solemne, no Castelo do Sobroso (Mondariz) o sábado 25 de marzo ás 12,30 horas.

Ponteareas celebra a Muller Traballadora con actos cada mes

OGoberno local de Ponteareas vén de presentar, coincidindo coa conmemoración do Día da Muller, a reestruturación do Centro de Información á Muller, dirixido pola psicóloga Isabel Romero, así como a programación de actos que, con periodicidade mensual e dirixidas a diferentes sectores da cidadanía, organizaranse co claro obxectivo de concienciar á sociedade da necesidade de acadar unha igualdade entre home e muller real e efectiva.

Nese sentido, a concelleira de Igualdade, Verónica Carrera, anunciou que os actos para conmemorar esta data ocuparán todos os meses de aquí a xuño.

A iniciativa de estender a programación de actos de igualdade e de homenaxe e empoderamento da Muller Traballadora ao conxunto do ano celebrando, cando menos, un acto mensual, comezará xa este vindeiro domingo 19 de marzo, co acto de homenaxe ás mulleres traballadoras, a proposta de distintos colectivos sociais. No mes de abril, o acto será o día 20 coa proxección do documental "Mulleres da Raia", de Diana Gonçalves, sobre o contrabando local e a emigración clandestina. A raia, como se coñece popularmente a fronteira entre Galicia e Portugal, garda unha historia de loita diaria pola supervivencia na que as súas mulleres son protagonistas.

Ponteareas inclúe no Plan Concellos a primeira fase do mantemento da rede viaria municipal

OGoberno local de Ponteareas destinará unha partida de 100.000 euros do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, para desenvolver a primeira fase do programa de mantemento da rede viaria municipal. Esta primeira fase, que se desenvolverá en todas as parroquias do termo

municipal, executará obras de mantemento, limpeza e acondicionamento nun total de 40 quilómetros, elixíndose as vías que, nas súas respectivas parroquias, rexistran máis intensidade de tráfico rodado ou son máis utilizadas pola veciñanza da zona.

Os traballos comezarán nos vindeiros meses de cara a buscar

as mellores condicións meteorolóxicas e poder realizadas coas mínimas interrupcións e levaranse a cabo a través das concellerías de Medio Ambiente, que xestiona o alcalde Xosé Represas e Vías e Obras, responsabilidade de María Jesús Garrote.

O alcalde, Xosé Represas, adiantaba que o orzamento des-

tinado a tal fin para o vindeiro ano 2018, "será sensiblemente maior" xa que a intención do Goberno que preside é que no 2019 "a totalidade da rede viaria municipal de Ponteareas, estea en óptimas condicións e garanta tanto a seguridade dos peóns que a diario a utilizan, como a dos vehículos que por ela circulan".

FOTO GALERÍA

A Coral do C.A.Sportivo de Ponteareas no programa Luar da TVG



Despois da súa actuación no Vaticano no pasado mes de decembro a coral do Centro Sportivo de Ponteareas elevou o seu ranquing moitos enteños.

Non só foi chamada para actuar en LUAR, como mostran estas fotografías, senón que xa ten en carteira varias actuacións máis.

A profesionalidade do seu director Angel Viro, a veteranía dos seus membros e a constancia fan o milagre. Máis de 50 anos de historia.

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Os colexios de Ponteareas xa contan con pictogramas que permiten a plena autonomía das persoas con TEA

A colocación de 700 pictogramas por parte de Autismo Galicia e o Concello de Ponteareas permitirá romper as barreiras que dificultan a autonomía das persoas autistas.

A Federación Autismo Galicia e o Concello de Ponteareas, teñen instalado 700 pictogramas en todos os centros educativos de primaria do municipio. Este código de comunicación, habitual nas persoas autistas, favorecerá a súa autonomía e o dereito a acceder aos servizos da sociedade en igualdade cos demais veciños e veciñas. Esta situación beneficiará tamén ao alumnado de Infantil que todavía non se desen-

volve con moita rapidez na lectura.

A instalación destes pictogramas é froito do acordo asinado, no pasado ano 2016 entre a Federación Autismo Galicia e o Concello de Ponteareas a través das concellerías de Benestar Social e Ensino, xestionadas por Verónica Carrera e e Cristina Fernández, respectivamente.

Os colexios que xa contan con este código de comunicación a través de pictogramas, son os

CEIP Nosa Sra. dos Remedios, Fermín Bouza Brey, Mestre Ramiro Sabell Mosquera, Feliciano Barrera, e Santiago de Oliveira, amáis dos CPR La Inmaculada e Santiago Apóstol.

Este sistema de comunicación alternativo, permite as persoas con TEA romper as barreiras que lle impiden facer uso das instalacións dos colexios dun xeito máis igualitario e autónomo, xa que lles permite comprender mellor o entorno no que se moven.

“Dende o primeiro momento, o Concello de Ponteareas quixo deixar claro o seu alto grao de compromiso coas familias de persoas con autismo da zona, e froito desa implicación nacía o pro-



grama Coidamos-TEA e a cesión de lugares de encontro e aten-

ción para este colectivo”, comenta a edil Verónica Carrera.

Os Bombeiros de Ponteareas celebraron o día 8 de marzo, a festividade do seu patrón, San Xoán de Deus, e o fixeron cunha serie de actos que quixeron compartir, primeiro co alumnado do Centro Asprodico e, posteriormente, cos xubilados do servizo.

Os bombeiros, acompañados pola concelleira de Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández, dirixí-

Os bombeiros de Ponteareas celebran a festa do seu patrón

Os bombeiros celebraron a xornada de San Xoán de Deus cos escolares de Asprodico. Os xubilados do servizo foron obxecto dunha emotiva homenaxe.



ronse en primeiro lugar ao Centro Asprodico de Ponteareas onde os alumnos e alumnas, nun acto cargado de emotividade, amosaron enchidos de orgullo, os traballos manuais que realizan nas actividades do centro así como a horta que eles mesmos cultivan.

Pola súa banda, os traballadores municipais explicábanlles de xeito ameno, todos os traballos que desenvolven, non só na extinción de incendios, senón en todo o que ten a ver con seguridade cidadá e a protección dos veciños e

veciñas e os seus bens. Os rapaces e rapazas, que tiveron a oportunidade de subir aos vehículos dos bombeiros, recibiron unha gorra do servizo como agasallo. Tamen indicar que de volta ao parque os Bombeiros percorreron as rúas de Ponteareas coas sirenas accesas para compartir con todos os pontearens este día de festa.

Posteriormente, traballadores e concelleira, celebraron a festividade da xornada acompañados polos bombeiros xubilados, que

recibiron de mans de Vanesa Fernández e visiblemente emocionados, un agasallo “como recoñecemento aos seus anos de servizo e a o traballo realizado velando pola seguridade da veciñanza”.

Foron os bombeiros os que sorprenderían posteriormente á concelleira ao agasallala cun ramo de flores “no Día Internacional da Muller” e personalizando en Vanesa Fernández, a homenaxe a todas as mulleres.



Restaurante O'Rianxo
Algo diferente no Condado



Terraza de verano interior
Cra. N-120
Vilagroburo - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Tel.: +34 986 654 434

TAPERÍA Nosa Terra RESTAURANTE



Menú obreiro - Pechado luns tarde e festivos
Especialidade en embutidos, carnes e peixes
986 642 052 Rúa Camelias, 10 Ponteareas

ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO.SL.



Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1803

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel. 986 65 82 07 Móvil 657 84 01 55 - 60 email: administracion@electricidadcondado.es
Polg. ind. Chan de Porre, Nave 1 - 36450 SANXUSTERRA DE ANIÑO

PONTEAREAS

O PP pide unha comición de seguimento do asfaltado da estrada de Canedo

O Partido Popular de Ponteareas despois de analizar o expediente da obra incluída no Plan Concellos 2016, denominada "Mellora da Seguridade Viaria en Canedo" cun orzamento total de 50.000 euros, detectou innumerables anomalías e irregularidades e co fin de levar a cabo unha análise máis técnica por persoal cualificado, solicitamos á Alcaldía que se nos dera copia dixital do devandito expediente e se nos denegou.

Para o portavoz do PP, Salvador González Solla, a tramitación levada a cabo neste expediente de obra é unha verdadeira chapuza, e entendemos que a Xunta de Goberno Local cometeu unha manifesta irregularidade e ilegalidade na súa forma de proceder, aprobando primeiro unha certificación de obra, antes de que se aprobase o "Proxecto Reformado" e sen o visto e prace da propia Deputación Provincial, cuestión esta que para nós pon de manifesto a grave irregularidade administrativa cometida e posiblemente penal na tramitación e execución de todo este expediente de obra.

Polo tanto, ante estes feitos, o Grupo Municipal do Partido Popular de Ponteareas, proporá ao Pleno da Corporación Municipal a constitución dunha "Comisión de Seguimento" na que se examine e supervise toda a documentación que figura no expediente da obra "Mellora da Seguridade Viaria de Canedo", na que se analicen as distintas decisións adoptadas pola Xunta de Goberno Local e os informes aportados ou non ao ex-

pediente, nos que se decide, entre outras cuestións, substituír a dobre capa de aglomerado prevista no proxecto, pasando de 10 cm. de espesor a unha capa de 6 cm. Ademais, resulta evidente que con esta actuación, levada a cabo na tramitación de este expediente, produciuse indefensión e un irreparable dano e prexuízo ás outras dúas empresas invitadas á licitación da obra.

Con todo, entendemos que estas importantes modificacións levadas a cabo no proxecto terían que pasar previamente polo órgano que as aprobou que non é outro que o Pleno da Corporación Municipal.

O PP Solicitará que o Pleno acorde que a Comisión de Seguimento se constitúa nun prazo máximo de 15 días naturais e que a Comisión dispoña de 45 días naturais para emitir ditame e recomendacións. Solicitará que o goberno local entregue a todos os grupos políticos da corporación copia dixital do expediente completo ate a data da constitución, así como toda a documentación que se puidera aportar con posterioridade e demais documentación que se sexa solicitada pola Comisión. Igualmente solicitará que a Secretaría Municipal emita un informe sobre a "legalidade da tramitación seguida pola Xunta de Goberno Local neste expediente de obra" e que a Oficina Técnica Municipal emita informe sobre a viabilidade urbanística das obras (terreos precisos dispoñibles, licencias, autorizacións e concesións administrativas necesarias para a normal execución das obras,...).

O Concello instala un desfibrilador no campo de fútbol de Angoares



O Concello de Ponteareas instalou un desfibrilador semiautomático externo (DESA) de última xeración nas instalacións deportivas de Angoares, dispositivo que se suma aos xa instalados nos campos de Areas e Pardellas.

"Seguimos co plan de protección que xa presentamos anteriormente e que pretende que cada ano o Concello instale máis desfibriladores en lugares de gran afluencia de xente, tanto no casco urbano como no rural, que permitan facer de Ponteareas unha vila cardioprotexida", indica a edil Vanesa Fernández.

Xunto coa instalación do equipo DESA, o Concello tamén desenvolveu uns talleres para instruír sobre o seu uso e mantemento e tamén se levaron a cabo prácticas de reanimación car-

diopulmonar (RCP), onde estiveron presentes a propia Concelleira de Seguridade Cidadá Vanesa Fernández e o Concelleiro de Deportes Benito Márquez e onde participaron unhas 25 persoas, entre membros do cadro técnico, adestradores, delegados, e incluso pais de rapaces da escola de fútbol.

As RCP permiten manter o fluxo necesario de sangue oxixenada no cerebro e restablecer o ritmo cardíaco normal mediante o uso dun desfibrilador. O marxe de actuación é de solo cinco minutos, e cada minuto que pasa diminúe nun 10% as probabilidades de supervivencia. En ausencia de atención inmediata, a taxa de supervivencia non chega ao 5 %, pero en cambio sobrepasa o 50 % en instalacións cardioprotexidas.

Vinoteca
Eira Vella
vinos, tostas, pulgas e demais...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas
694 416 706

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

GOYA PUB

www.goyapub.es

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dona Bugalal, 7 Ponteareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

GASOLEOS TEA

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-

Tel. e Fax: 986 61 43 12
Rosalía de Castro, 3 A GUARDA
Tlf: 986 66 13 90 - Fax: 986 66 13 88
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas acolle o venres 17 unha exhibición de 'Ground Golf'

A actividade, organizada polo Concello de Ponteareas e pola asociación Agarimo de Turismo Rural, comezará as 11 da mañá no campo de Pardellas

Veciños e veciñas de Ponteareas terán o próximo venres, día 17 de marzo, a oportunidade de tomar contacto cun novo deporte que cada día conta con máis adeptos: o Ground Golf, un deporte nacido no Xapón a mediados dos anos 80 e que cada vez practica un maior número de persoas pola súa sinxeleza e facilidade de xogar en calquera lugar.

Esta exhibición será levada a cabo por xogadores e xogadoras de Xapón e de Madrid, entre os que estará Samuel Pérez, presidente de Ground Golf España. Esta actividade estará aberta a todos cantos veciños e veciñas queiran asistir.

O Ground Golf é un deporte que cada día conta cun maior auge pola súa facilidade, non só das normas, senón polo feito de que se pode practicar en case que todos os lugares. Ten nas persoas de máis de 60 anos, o maior número dos seus practi-



cantes, pero tamén ten unha grande aceptación entre a xuventude e a infancia.

Basicamente é unha variante do golf tradicional, aínda que para a súa práctica utilízanse paus máis anchos e bolas máis grandes. Pese a iso, a idea xeral é a mesma, meter a pelota no buraco ou canastiña co menor número de golpes posibles.

Os xogadores agrúpanse de catro en catro para avanzar de

foxo a foxo. Ditos foxos ou buratos están separados entre eles por 15 metros, 25 m, 30 m ou 50 metros e gaña o que emboque a bola nos 24 foxos co menor número de golpes.

A actividade está organizada pola Concellería de Deportes do Concello de Ponteareas e pola Asociación Agarimo de Turismo Rural, que agrupa a 85 establecementos de turismo rural da provincia de Pontevedra.

O BOP publica as bases da adxudicación, por sorteo público, dos postos no mercado de venda ambulante

Coa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a Concellería de Comercio do Concello de Ponteareas, que xestiona Inés Vidal, inicia o proceso da adxudicación, mediante sorteo público, para a instalación de postos no mercado de venda ambulante de Ponteareas.

Con este trámite, a Concellería da cumprimento á modificación realizada na Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante, na que se sinala que "cando as solicitudes superen o número de postos vacantes, a adxudicación realizarase mediante sorteo público". Os interesados e interesadas en optar a calquera destes postos, terán un prazo dun mes, a contar dende o día 3 de marzo, para presentar as correspondentes solicitudes.

Tal e como especifican as bases, autorización para o exercicio da venda ambulante terá unha duración limitada e será persoal e transferible, previa comunicación ao concello, polo tempo que reste ata a finalización do prazo a outras persoas, físicas ou xurídicas, que cumpran os debidos requisitos.

Para poder optar a un dos postos, os ou as solicitantes deberán posuír a condición de comerciantes segundo a lexislación mercantil e cum-

prir os requisitos que establecen as bases, colgadas na web do concello ou directamente no CDL (Ribadetea)

Os postos a sorteo serán un total de 30 distribuídos entre as rúas Constitución, Morales Hidalgo, Plaza Maior e Plaza Bugallal, en canto ao número de postos aos que poden optar interesados e interesadas, as bases especifican claramente que as persoas física so poderán optar a un posto, mentres que as cooperativas poderán solicitar ata dous postos ás que estean compostas por un máximo de 10 socios, e ata catro postos as que contén entre 10 e 20 socios.

O sorteo dos postos terá lugar o vindeiro 20 de Abril, seguindo todos os prazos establecidos e Será un sorteo público, como sinala a concelleira Inés Vida, "público e aberto a todos os interesados e interesadas" que se desenvolverá ás 12 horas na Casa do Concello. Previa a inscrición que estará aberta ata o día 03 de Abril, data límite para a súa solicitude.

Inés Vidal salientaba a importancia de que estes procesos "desenvólvanse de xeito totalmente transparente, de cara a garantir, non só o proceso de adxudicación en si mesmo, senón, posteriormente, o normal desenvolvemento da actividade".

Castelo MUEBLES

ATENCIÓN AL CLIENTE
609 288 188

Tlf.: 986 654 312
Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO

Castelo 2 MUEBLES

Tlf.: 986 642 925
Avda. Castela, nº 26. PONTEAREAS

www.mueblescastelo.es - mueblescastelo@hotmail.com

mifollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATIERRA
Telf: 698 126 552

mifollas@mundo-r.com

Talleres Guiller Motor

Venta de vehículos usados

(SPG) TALLERES

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

BODEGUILLA TAPERIA

BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

PULPERIA

Teléf. 986 660 826

A Escola de Turismo Itinerante do CSHG formou aos hosteleiros da Ruta da Lamprea do Concello de Arbo

O Concello de Arbo e Turismo de Galicia, a través da Escola de Turismo Itinerante do Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG), desenvolveu tres cursos de formación dirixidos aos hosteleiros da ruta da lamprea, os días 21 de febreiro, 6 e 7 de marzo co obxectivo de mellorar o servizo e facer unha xestión eficiente dos negocios.

Os cursos impartidos por profesores do Centro Superior de Hostelería de Galicia, trasladáronse ata o Concello de Arbo para mostrar os restauradores de Arbo como mellorar o posicionamento en internet, a reputación on-line e ferramentas para ser máis visibles na rede e a calidade e técnicas na atención ao cliente. Tipoloxías de cliente, tratamento de queixas e reclamacións, información e coñecemento da ruta da lamprea, e as ferramentas de xestión de alimentos e bebidas do restaurante (ficha técnica, es-



candallos e receitas) e ferramentas para a análise (contas de explotación, instrumentos básicos de análise e xestión de custos), foron temas que se abordaron nestes cursos.

Foi unha iniciativa moi ben acolida por todos os sectores de hostelería e turismo desta zona, tendo unha ampla participación dos restaurantes e casas de turismo rural do municipio, que

avaliaron de forma moi positiva e beneficiosa este tipo de cursos para mellorar o seus servizos.

A Ruta da lamprea, que da a coñecer o importante patrimonio que rodea a este peixe e a súa captura é un elemento dinamizador do turismo na zona, que vai unido ao viño e á gastronomía, polo que é fundamental que os establecementos hosteleiros den un bo servizo.

As Neves solicita diante da Conselleira a utilización da futura EDAR da Plisan

O Alcalde do Concello das Neves, Xose Manuel Rodríguez solicita diante da Conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, a necesidade e oportunidade da utilización na nova Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) que se vai construír na Plisan.

Plantexárase o vertido do saneamento de boa parte do

territorio municipal. Tamén se impulsará a colaboración de Augas de Galicia para o deseño e execución da canle de saneamento con destino a Estación Depuradora.

O Alcalde afirma que é unha compensación necesaria para a poboación das Neves despois de tantos anos de incumprimentos reiterados, de expecta-

tivas frustradas e da grave alteración da morfoloxía do territorio.

De igual modo avanza no estudo da solución proposta para rexenerar ambientalmente o millón de metros cadrados excluído do actual ámbito Plisan, así como a abono definitivo das indemnizacións aos expropiados.

Reunións informativas do Programa Leader no Condado e A Paradanta

A partir do luns 20 de marzo e ata o final do mes, o equipo técnico do GDR Condado Paradanta, visitará os Concellos da Comarca, para celebrar reunións informativas sobre as axudas do Programa LEADER Galicia 2014-2020.

Estarán destinadas a informar a entidades públicas e privadas

(empresas, asociacións culturais, deportivas, autónomos, comunidades de montes), que desenvolvan a súa actividade no noso territorio, e a calquera persoa que esté interesada en coñecer o funcionamento do LEADER e de que maneira pode axudar ao desenvolvemento do noso rural.

LIMPIEZAS PONTAREAS

Comunidades, Colegios, oficinas
cristalerías, moqueiras, abillamento
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandetras, 3 Baixo
36860 PONTAREAS
Telf. y Fax: 986 661 652

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507

Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas

ALBARIÑO Viña Araujo

RIAS BAIXAS

DENOMINACION DE ORIGEN

Telf./fax : 986 658 066
Porto-Praza, 5
www.adegaaraujo.com

CONDADO/PARADANTA

M.BALNEARIO / SALVATERRA

Mondariz vibra coa desputa da 1ª Copa de España de Slalom

Nin a choiva caída logrou deslucir o desenvolvemento das dúas xornadas nas que se dividiu a primeira Copa de España de Slalom celebrada o 4 e 5 de marzo en Mondariz Balneario. A presenza dos mellores palistas da xeografía española entre as que destaca a campiona olímpica Maialen Chourraut, primeiro ouro olímpico español en augas bravas, xunto con algúns dos mellores portugueses como Jose Carvalho -finalista en Río 2016- e Ivan Silva, convocou na ribeira do río Tea a unha cantidade grandísima de afeccionados e curiosos que desfrutaron dunha competición de altísima calidade.

No aspecto deportivo, a gran triunfadora foi a dobre medallista olímpica Maialen Chourraut, bronce en Londres 2012 e ouro en Río 2016, que se fixo co triunfo final tanto en k-1 coma en c-1 sénior muller. No k-1 sénior home o vencedor foi Joan Crespo do club Santiagotarrak, e no c-1 desa categoría o triplo finalista olímpico, Ander Elosegi, alcanzou a primeira posición por diante do representante C.D. Miño, o galego Luis Fernández.



Laia Sorribes en k-1 xuvenil muller, Miquel Trave en c-1 xuvenil home e Eneko Auzmendi no k-1 xuvenil home fixéronse co triunfo final nas súas respectivas probas, namentres na categoría cadete, venceron Xanet Etxarri en k-1 muller, Clara González en c-1 muller, con Pau Etxaniz primeiro no k-1 home, e cunha fabulosa competición Daniel Pérez, C.P. Penedo, lograba o triunfo no c-1 cun no menos fabuloso 3º posto do seu compañeiro de equipo Borja González.

No que respecta a participación do Club Tea, organizador do

evento, o saldo final foi o seguinte: Emilio González 12º en c-1 xuvenil home, Kevin Álvarez 5º en c-1 cadete home con Andrés Alonso na 12ª posición e Pablo Vázquez no posto 14. Axel Afonso remataba no posto 13 final, despois de entrar na final do domingo en categoría k-1 sénior home. Emilio González facíase co posto 16 en xuvenil k-1, con Cándido Acuña 9º na clasificación final de cadetes k-1 home, (8º na xornada do domingo), Pablo Vázquez no posto 22 e Santiago Cabeiras no 29. Por equipos remataron na 10ª posición.

Salvaterra celebra o día da árbore os días 21 e 22 de marzo

Un ano máis, con motivo da celebración do día da árbore, a Concelaría de Medio Ambiente, que dirixe Marta Valcárcel, organiza varias actividades involucrando aos Centros Educativos do Municipio.

Sabedores da gran importancia que teñen estas iniciativas o Concello de Salvaterra de Miño plantará diversas árbores nos seus Centros Educativos para conmemorar o Día Internacional da Árbore facendo partícipes aos máis cativos, e así levarase a cabo a plantación de diversas árbores froiteiras e carballos no CEIP Infante Felipe de Borbón, no CEP Carlos Casares de Alxén e no CEIP de Leirado, os nenos e nenas do CRA A Lagoa farán a plantación no Parque Público A Canuda. Ademais todos poderán desfrutar dun espectáculo infantil "A Música das Árbore", a través do cal mostraráselle a gran importancia que teñen as árbores e o que provocan os incendios, os

lumes, as talas ... no noso día a día, buscando a concienciación entre os que serán os encargados de defendelos no futuro máis cercano. O día 21 realizara a actividade o CEIP Leirado e o CEIP Infante Felipe e o 22 de marzo o Carlos Casares e o CRA A Lagoa.

Desta maneira o Concello quere por en valor unha vez máis a gran importancia da natureza realzando a gran labor que realizan as árbores, a través dos nenos e nenas do municipio. Temos que recordar que Salvaterra é un dos Concellos que ten máis metros cadrados de zonas verdes ten por habitante, paseos polos seus ríos, ademais de ter máis de 1.000 árbores na Vila.

Este día internacional naceu como unha recomendación do Congreso Forestal Mundial aceptada pola Organización de Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) no 1971, e o día elixido para a celebración no noso país foi o 21 de marzo.

o remendón

Cerraxería  **24 HORAS**

vivenda-automóvil-chaves

Reparación de calzado

Tlf. 637 764 865
cerrajeroremendon.com
Rúa Raíña Dña Urraca, 20-baixo 3
Salvaterra de Miño

ler e Punto

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCERÍA - LABORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS

Telf: 986 648 114 - 607 577 147
ENTRADA de AS NEVES
Frente á gasolinera, a xunto a XES

BIMCA, S.L.

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTOS Y AZULEJOS
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA de MIÑO
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274
e-mail: blmca@blmca.com www.blmca.com

Forjados
hinos durain s.l. 

Fabrica y Oficinas:
Santiago de Ribariem, 1
36147 AS NEVES (Pontevedra)

Telf. 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: durain@forjadosdurain.com
http: www.forjadosdurain.com

kidea
agasallos personalizados

Telf. 986 659 430
Rúa Rosalía de Castro, 107
SALVATERRA DE MIÑO

Abzi 

PUBLICIDAD

crea tu publicidad

O CPA Condado Salvaterra subcampeón gallego de Grupos Show de patinaxe artística



O pasado 25 de Febreiro celebrouse no Porriño o Campionato Galego de Grupos Show Xuvenil e Cuartetos de patinaxe artística, con once e seis clubs inscritos respectivamente das provincias da Coruña e Pontevedra.

En Grupos Xuvenil vivíuse unha competición moi emocionante e axustada cun triplo empate por puntos nos tres primeiros clasificados. Ao final e aplicando o sistema "white" o CPA Condado Salvaterra coa súa coreografía "Efecto Dominó" quedou en se-

gunda posición. O grupo formado por dez patinadoras e adestrado por Eduardo Caride participará no Campionato de España, que se celebrará en Alcoy o 24 e 25 de Marzo. A primeira posición foi para os Coruñeses do Liceo co tema "O teu" e a terceira posición para o Club Campus Stellae De Santiago coa coreografía "Posion".

Na competición de Cuartetos, primeira posición para o Carpa Viqueira de Vigo, segunda posición para o Anfora de Cangas e terceira posición para o Patin Axel de Arteixo.

Inspección técnica de agrícolas en Salvaterra de Miño

O Concello de Salvaterra de Miño informa aos seus veciños e veciñas que no mes de abril a Unidade de Inspección Técnica de Agrícolas desprazárase ata o Concello, máis especificamente ao campo de Fútbol de Dextros, para que todas aquelas persoas que teñan vehículos agrícolas poidan facerlle a revisión sen ter que desprazarse a unha Unidade de Inspección de Vehículos, facilitándolle este trámite aos seus veciños.

As datas nas que se desprazarán a Salvaterra serán os días 21, 24 e 25 de abril, en horario de 09.00 a 13.30h e de 15.15 a 18.00h, para solicitar a cita previa deberán chamar ao teléfono 902 30 90 00 ou facelo a través da páxina web www.sycitv.com



CONDADO/PARADANTA

A CAÑIZA

IX Xornadas Gastronómicas do Lacón con Petelo na Cañiza



A Cañiza celebra no fin de semana do 18 e 19 de marzo as XI Xornadas Gastronómicas do Lacón con Petelo.

O petelo é o produto que se obtén de amasar a fariña de millo na auga do caldo. Unha vez feita a masa elabórase o petelo que ven a ser unha peza redonda apelmaza que se mete no caldo, sen ningún elemento fermentador, para que coza ao mesmo tempo e así absorba todos os sabores dos ingredientes do cocido que é o que o foi especialmente sabroso. O tempo de cocido é de 15 minutos aproximadamente.

Sírvese na comida galega cortado en rodaxas de 2 centímetros,

mezclado co lacón, chourizo, caheira, berzas e patacas.

A preparación do petelo ten unha singularidade que é o molido da fariña de millo. Cando se molía o millo nos muiños do río, a fariña máis fina que esbaraba ata o pe do muiño era a que se recollía en sacos aparte para facer as papillas dos cativos e tamén para elaborar os típicos "petelos". Esta fariña fina tamén se chamaba "fariña do gomo" e se diferenciaba da fariña máis gorda que se utilizaba para outros menesteres.

O petelo ven a ser un produto da postguerra, ao que se lle botou man para paliar as necesidades e escaseces que viñeron unha vez

finalizada a Guerra Civil española. Os cañicenses, grazas á abundancia de millo nestas terras, tomaron este elaborado para substituír a outros alimentos.

Os nosos maiores tamén lembran que antigamente co que sobra do mediodía aproveitábase á noite na cea, pasando o petelo poa tixola, cociñándoa coa graxa de freir os chourizos e os ovos.

A Cañiza quis, alá polo ano 1.999, recuperar esta tradición gastronómica propia da zona e ese ano celebrouse a I edición o día 21 de marzo organizado exclusivamente polo Concello. A xornada celebrárase durante

dous anos máis.

A Asociación de Hosteleiros e Produtores de Xamón da Cañiza en colaboración co Concello recuperou a festa no ano 2011. Saldouse cun rotundo éxito tanto na orga-

nización do evento como asistencia de visitantes.

Coa celebración destas xornadas que practicamente pechan a época invernal, preténdese acadar dous obxectivos: potenciar o gusto pola comida tradicional galega, recuperando unha costume case olvidada e converter o evento nunha plataforma para promocionar a hostelería da Vila que está respaldada por contar cos mellores produtos cárnicos de Galicia ao posuír, A Cañiza, un microclima especial que permite que o curado das carnes do porco acade un nivel excelente.

Así A Cañiza completa a oferta gastronómica do xamón coa celebración de varias xornadas gastronómicas: O Lacón con Petelo en inverno e a Feira do Xamón que este ano acada a súa 51 edición e se celebrará o 15 de agosto.

Fai xa a túa reserva

RESTAURANTES COLABORADORES:

Complexo Hostaleiro Rabeira: 986 652 431 - Hotel-Restaurante O Pozo: 986 651 050
 Área de Servizo Quintóns: 986 652 389 - Restaurante Casa Eligio: 986 651 047
 Restaurante Xatón: 986 651 014 - Restaurante Imperio: 986 651 143
 Restaurante Novosa: 986 651 426 - Bar Piri Piri: 986 652 332
 Bodega O Fogar do Barbero: 986 727 766

O noso Eido

Exclusividade en Angosto e Lourenzo, Póvoa do Rio, Ceeiro e Pareda, Bouselo e Roca e Viana.

RESERVAS: Ana 651 040 534 - Cike 646 424 068
 Telf: 986 658 313 - Rúa do Fraga, 5 - SALVATERRA DE MIÑO (PO)

Casa Eligio

RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047
 C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

EMILIO seguros

DECESES • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD
 VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...

telf. información: 609 544 351

TAPERÍA A BRASA

Nova xerencia

Comidas - Tapas variadas

Churrasco misto - Viño - Refrescos

Estrada 120 - Telf: 620 858 560 - 600 839 616
 SAN LORENZO DE OLIVEIRA - PONTEAREAS

CAFE-BAR PIRI-PIRI

JAMONERIA

Especialidade en xamón asado e xamón serrano

Parada Auto Industrial

Progreso, 90 - A Cañiza - 986 652 332

RIVERO

RESTAURANTE

Telf: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

CONDADO/PARADANTA

GALERÍA DE HERNÁNDEZ

A Entroido no Condado



Comparsa A Vila, premio á animación en Ponteareas



Comparsa Brincadeira de San Mateo, premio á Mellor Carroza en Ponteareas



Pradomar, premio ao mellor vestiario en Ponteareas



Confarsa Monicipal, premio ás coplas en Ponteareas



Comparsa de piratas en Ponteareas



Desfile de comparsas en Ponteareas



Desfile de comparsas en Arbo



Entroido infantil en Salvaterra de Miño

CONDADO/PARADANTA

O Estudo de Mobilidade da Deputación propón duplicar as áreas peonís do núcleo de Mondariz

O Estudo de Mobilidade e Espazos Públicos de Mondariz, documento encargado pola Deputación de Pontevedra para ordenar o espazo público e o tráfico da vila, propón duplicar as áreas peonís do núcleo urbano e crear un gran salón comercial que permita dinamizar a economía local. O deputado provincial de Mobilidade, Uxío Benítez, explicou que “o centro urbano de Mondariz, polas súas características, por condición histórica, pola súa paisaxe... é un lugar idóneo para abordar unha mobilidade sustentable que permita potenciar a calidade de vida e unha revitalización económica. Ten moitas potencialidades para desenvolver”.

Benítez destacou que o Estudo de Mobilidade, que foi presentado a todos os grupos da Corporación municipal e axentes sociais, contou coa participación activa de toda a veciñanza, “cuestión fundamental para interpretar as necesidades reais da vila e realizar unha diagnose conxunta cos técnicos”. De feito, para chegar ás propostas concretas, fixéronse enquisas entre a poboación e celebráronse mesas de políticos, sectoriais, por actividades e de mobilidade, que se contrastaron cos datos técnicos obxectivos de número de vehículos que circulan pola vila, catalogación de espazos, estatísticas demográficas e mapeos feitos pola empresa redactora. A partir de aí constatáronse consensos, discrepancias, problemas e necesi-

dades, oportunidades e fortalezas para Mondariz.

Finalmente, o documento recolle varias estratexias básicas que supoñen unha “ferramenta de traballo para o concello que lle permitirá actuar a curto, medio e longo prazo nos seus espazos públicos de forma eficiente”, segundo dixo Benítez. A primeira estratexia a desenvolver é a potenciación do eixo central urbano onde se sitúan a meirande parte dos equipamentos e servizos da vila, grande parte das actividades económicas e os espazos de referencia e encontro da veciñanza, cuestión que se define como “elemento determinante para o futuro de Mondariz”. A segunda estratexia básica é crear unha rede de espazos de prioridade peonil favorecendo a mobilidade da veciñanza.

Neste sentido, apóstase por facer medrar o espazo destinado exclusivamente aos peóns no eixo urbano central dos actuais 9.997 metros cadrados a máis 19.900 metros cadrados, o que supón un incremento dun 99%, centrándose principalmente no conxunto Praza de Mondariz-Rúa Concepción Arenal. Tamén se pretenden aumentar o espazo dedicado a zonas verdes nun 25% e aumentar o número de aparcamentos de 567 no contorno a máis de 650 (+15%), coa creación de bolsas específicas de estacionamento no campo de fútbol e nunha par-

cela xunto ao colexio. O obxectivo destes novos espazos de aparcamento é liberar o espazo que actualmente ocupan os coches irregularmente para devolvelo á cidadanía.

Propostas

Outras cuestións principais de interese que recolle o estudo son a aposta pola utilización da plataforma única no deseño do viario urbano; a mellora da accesibilidade; a supresión da dupla ringleira; ou o redeseño específico de puntos de conflito (como o tráfico do eixo Merouces-Concepción Arenal, Grupo Escolar e Ramón y Cajal), entre outros aspectos. O punto de maior consenso entre políticos e veciños estivo relacionado coa utilización da plataforma única como modelo dominante no centro da vila.

No Estudo de Mobilidade apúntase tamén á necesidade de prestar especial atención a favorecer a chegada de veciños e vi-

sitantes ao centro coincidindo coa celebración da feira dominical, deseñando os espazos públicos para que sirvan axeitadamente aos usos e actividades deses días e tamén doutros festivos. Así mesmo, destácase a necesidade de mellorar a calidade de vida e a promoción turística (en relación á auga, os valores ambientais e patrimoniais das zonas verdes e xardíns, renovar a imaxe e promoción do comercio e a hostalería) ou a revitalización demográfica. Tamén se indica que a feira é un elemento de dinamización económica, polo que se debe potenciar tentando alongar o horario en que os seus usuarios quedan na vila e relacionándoa con actividades que se prolonguen cara á tarde, o que tamén permite evita os tapóns de tráfico producidos nas horas punta e aumentar o impacto no conxunto das actividades de Mondariz.



A Cañiza concede o Título de Fillo Predilecto a Diego de Giraldez

O sábado 18 de marzo de 2017, o prestixioso pintor e escultor cañicense Diego de Giraldez recibirá o Título de Fillo Predilecto de A Cañiza da man do Alcalde Miguel Domínguez por Acordo do Pleno do 27/01/2017 no que foi aprobada a proposta por unanimidade de toda a Corporación Municipal.

A concesión celebrarase no Salón de Plenos do Concello de A Cañiza, ás sete da tarde nun Acto Solemne

Segundo recolle a felicitación do Alcalde “O seu interese pola anatomía e o feito de ser o creador do Realismo NAS, que o artista traduce como a súa particular fusión entre o naturalismo, abstracción e surrealismo, avalaron o seu ascenso á primeira liña dos pintores deste século XXI.”



Vodas de Ouro en Arbo

Un ano máis o Concello de Arbo, homenaxou o domingo 19 de febreiro, nun acto que tivo lugar no auditorio Multiusos de Arbo ás 18:00 horas a tódolos aqueles matrimonios de Arbo, que cumplan ou que cumprisen os 50 anos de casados (Vodas de Ouro), dende o 15 de febreiro de 2016 ata o 19 de febreiro de 2017.

Un total de 5 matrimonios recibiron da man do alcalde Horacio Gil Exposito, un ramo de flores as donas e un pin co escudo do concello de Arbo os señores. Estaban citados tres parellas máis que non asistiron o acto por problemas de saúde, pero os que o alcalde visitou o domingo pola mañá para felicitálos persoalmente na súa vivenda.

No acto actuaron A Banda de Musica de Arbo, Coral Polifónica de Arbo, A. C Barca de Loimil e A.C Vella Barca.



Iniciadas as obras de reparación da estrada de acceso a Ponte Frieira en Crecente

A Deputación de Pontevedra acaba de iniciar as obras para reparar os danos da estrada provincial de acceso a Ponte Frieira en Crecente (EP-5302) e, segundo indica o deputado de Mobilidade, Uxío Benítez, deberán estar finalizadas ao remate do mes de abril. A actuación consistirá na reposición do noiro de sostemento que quedara derrubado cos temporais do inverno pasado, na instalación dun muro, na rehabilitación estrutural do firme e na instalación dunha nova barreira de seguridade. O orzamento é de 19.710 euros e a empresa adjudicataria é Narom SL.

As obras que se están a realizar nestes primeiros días, segundo indicou Benítez, consisten no desmonte da barreira de seguridade, na demolición da cuneta afectada, no corte do pavimento e no derrubamento e limpeza de cunetas e bueiros. Posteriormente realizarase unha cimentación da base e construírse un muro de contención de sete metros de lonxitude e seis metros de altura, así como un muro de repé de dez metros de lonxitude e 1,5 metros de altura na zona de desmonte.



Finalmente, realizarase unha rehabilitación estrutural do firme, cortando e demolendo o pavimento afectado, instalando unha nova base de zahorra e de mestura bituminosa. En canto ás obras de drenaxe, construírse unha cuneta triangular dun metro de largo con dúas baixantes prefabricadas de formigón para canalizar as augas procedentes da PO-400. Tamén se instalará unha nova barreira de seguridade.

Segundo confirmou o deputado, que recoñeceu que os trámites administrativos do contrato se demoraron máis do previsto (o proxecto de actuación estaba listo en agosto de 2016), as obras pretenden asegurar canto antes a estrutura da estrada xa que nestes momentos o afundimento do noiro compromete a estabilidade da vía e a seguranza viaria.

Identifican, por vez primeira na Península Ibérica, un cogumelo atopado nas Xeiras Micolóxicas de ADENCO

O descubrimento parte do micólogo Jaime Blanco Dios, que participou nas pasadas Xeiras Micolóxicas de 2016.

As Xeiras do Grupo Ecoloxista ADENCO son referente na formación e divulgación do mundo dos cogumelos nos concellos do Condado. Nos 27 anos ininterrompidos de Xeiras Micolóxicas se teñen realizado múltiples actividades didácticas como exposicións e saídas ao monte. Nesta ocasión, as Xeiras ofrecen unha interesante e sorprendente novidade de índole científica. Un cogumelo recollido no Concello de Mondariz Balneario nas pasadas xeiras acaba de identificarse como unha *Morchella rufobrunnea*, unha especie moi pouco citada a nivel mundial. Os especialistas estudan se esta é a primeira cita desta especie para a Península Ibérica.

O achádego vén da man de Jaime Blanco Dios, descubridor de novas especies de fungos no noso territorio. O experto micólogo participou nas Xeiras de 2016 precisamente cunha palestra sobre as novas especies de cogumelos descubertas nos últimos anos. Foi nesa actividade onde os membros de ADENCO compartiron co micólogo os exemplares atopados na saída micolóxica e, en concreto, este cogumelo.

Posteriormente, un dos exemplares re-

collido nas Xeiras Micolóxicas foi enviado por Jaime Blanco até a Universidade de Cukurova, en Adana (Turquía), onde se lle extraeu o ADN e se verificou definitivamente que se trataba da especie *Morchella rufobrunnea*.

O descubrimento foi notificado nestes días ao Concello de Mondariz Balneario para que se manteña protexido o lugar onde foron localizados os exemplares desta singular especie de cogumelos.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURIÑA

O Porriño

Lolo Penas e Paula Mayobre gañan na XI Interrunning

Máis de 1900 atletas tomaron o día 12 as rúas do Porriño para disputar unha da proba máis destacadas do calendario galego, a Interrunning - Concello do Porriño que este ano chegaba á súa undécima edición. Aínda que se disputaron como cada ano varias probas correspondentes ás diferentes categorías, toda a atención estaba posta na carreira absoluta onde había dous claros favoritos: Lolo Penas e Paula Mayobre.

Os pronosticos non fallaron e o atleta coruñés impúxose finalmente a Daniel Bargiela, que finalizou en segunda posición tras non seguir o ritmo de Penas, que cruzou a liña de meta cun crono de 31:30. Bargiela fíxoo 24 segundo despois seguido de Alejandro Álvarez que fixo podium en terceira posición.

En categoría feminina Paula Mayobre fíxose co triunfo ao finalizar cun tempo de 35:27 seguida da pola portuguesa Clarise María Pinho, que cruzou a liña de meta un minuto despois. En terceira posición Yolanda Gutiérrez que terminou a proba en 37:02.

Unha das grandes novidades desta edición era a proba de 5 Km que se celebraba de forma simultánea á absoluta. Nesta o podium masculino pechouse finalmente co atleta de Salceda, Maikel Rodríguez (16:25) en primeira posición, Xián Rodríguez (16:45) segundo e o bronce para Miguel Anxo Nogueira (17:12). En categoría feminina primeiro posto para Sharay Astariz (20:44), segundo para María Pérez (22:33) e terceiro para María Jesús Freiría (24:12).



GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Entroido do Porriño. Xogo da Ola



O Porriño

O Porriño establecerá acordos de cooperación coa Communauté de Communes du Fronsadais, que abrangue a 18 vilas francesas



Os concelleiros de Educación, Lourdes Moure, e de Limpeza, Orlando Vázquez, viaxaron á rexión francesa de Burdeos para organizar un irmanamento coa Communauté de Communes du Fronsadais, entidade que integra a 18 concellos franceses cos que O Porriño quere establecer unha relación de cooperación en diferentes eidos.

Os dous concelleiros mantiveron xuntanzas con representantes deste organismo e cos

alcaldes das vilas que forman parte do mesmo coa intención de estudar a posibilidade presentar un proxecto europeo conxunto en base a propostas educativas que permitan, nun primeiro paso, o intercambio de coñecementos entre estudantes e profesores de Educación Secundaria.

A intención é que O Porriño poida desenrolar con Fronsadais proxectos semellantes aos que estes concellos de Burdeos xa teñen en marcha con re-

xións de China e Italia, e que abranguen ámbitos de tanto interese coma a educación, xuventude, cultura, economía, comercio, viticultura, alimentación ou turismo.

Nos vindeiros meses, representantes da Communauté de Communes du Fronsadais viaxarán a O Porriño para coñecer o Val da Louriña, concretar varias das propostas que estiveron en estudo nestes días, e decidir, de xeito conxunto os contidos do acordo de colaboración.

A nova web do Concello estará disponible este mes

O Concello do Porriño disporá dun novo portal web antes do fin deste mes de marzo.

Eva García de la Torre sinalou que será posible desenrolar o portal web grazas a colaboración da Deputación de Pontevedra que, ademais dunha achega económica, aportará asistencia técnica para a posta en marcha da Administración Electrónica.

A alcaldesa sinalou que a nova web do Concello cumprirá coa promesa electoral de que sexa eficiente, achegada e transparente e permita que as veciñas e veciños poidan facer dende o seu teléfono móbil ou o seu ordenador xestións tan habituais coma Certificados de Empadroa-

mento, Pago de Taxas e Impostos Municipais, consulta de Expedientes ou ver en tempo real contratos e licitacións.

García de la Torre fai autocrítica polo retraso na posta en marcha da web municipal e tamén lembra a situación de "falla de seguridade" nos servizos informáticos do Concello e o "estado calamitoso dos servidores municipais que estaba a pór en perigo a información almacenada".

Sinala, ademais, que o Goberno local plantexou nun Pleno en outubro de 2015 a necesidade de aprobar unha partida orzamentaria para reformar todo o sistema informático e crear esta nova web, "pero a oposición rexeitou a proposta votando en contra".

Primeiros pasos para unha aula da UNED no Porriño

A alcaldesa, a concelleira de Educación Lourdes Moure, a voceira do grupo municipal Non Adscritos, Sabela Landín, e o presidente dos empresarios do Polígono de A Granxa, Indalecio Cuevas, mantiveron unha xuntanza coa directora da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) de Pontevedra, a doutora Beatriz Rodríguez, de cara a establecer un Aula Universitaria da UNED no Porriño.

Beatriz Rodríguez amosouse especialmente satisfeita porque

esta aposta pola formación, sexa promovida, conxuntamente, polo Concello e polos empresarios que "teñen un papel moi relevante nunha zona que ten unha grande importancia e forza industrial".

A alcaldesa subliñou, así mesmo, a importancia do traballo feito por Lourdes Moure e por Sabela Landín que, sinalou, "impulsaron esta iniciativa e traballan conxuntamente para que o establecemento dunha aula da UNED no Porriño sexa, axiña, unha realidade".



LOURIÑA

O PORRIÑO

Arquivan os cargos contra Nelson Santos, M. Alejandro Lorenzo e J. Manuel Jacobo

A xuíz decreta o arquivo do coñecido como Caso Multiusos, no que figura como denunciante a alcaldesa.

A maxistrada titular do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 3 do Porriño decretou o sobresemento provisional e o arquivo da causa contra o ex alcalde Nelson Santos e os edís M. Alejandro Lorenzo e J. Manuel Jacobo.

Co arquivo do Caso Multiusos, no que figura como única acusación particular a actual Alcaldesa, Eva García de la Torre, desestímase sen chegar a formularse acusación, que se cometeu delito algún de prevaricación administrativa, tráfico de influencias, malversación de caudais públicos ou delito contra o dereito dos traballadores.

Tras unha minuciosa instrución, a xuíz reflicte no seu auto que non se probou "que se desenvolveu unha actividade de enriquecemento personal en convivencia cos responsables da empresa IMPI", de-

cretando o arquivo da causa contra Nelson Santos e José Manuel Jacobo. A este respecto versaba o informado pola Fiscalía que sostíña que tras as investigacións realizadas non se pode "soster que as empresas IMPI e Mecánica Rocha facturasen en convivencia cos responsables municipais obras ficticias ou recibos por conceptos indebidos".

Arquívanse os cargos tamén contra o edil, M. Alejandro Lorenzo ao non constar que "desde as súas funcións como concelleiro de emprego realizase, propiciado ou impulsado as manipulacións de selección de persoas do INEM" nin que "realizase a relación contractual entre IMPI e o Concello para impoñer á primeira persoal da súa confianza".

Así mesmo, decrétase o sobresemento provisional contra o resto de investigados



Celso J.F.B, Laureano L.S e Lucía L. R. ao considerar a xuíz que, como mantén o Ministerio Fiscal "non pode concluírse que as empresas ás que se refiren os feitos facturasen ao Concello traballos non realizados en convivencia cos responsables municipais".

O auto do xulgado si verte as súas sospeitas no funcionario do INEM José Manuel Cabanelas porque alteraría os currículos de distintos demandantes de emprego e asignaríaos directamente a determinadas ofertas de traballo forzando a súa contratación. Posto que o investigado

faleceu en novembro do 2016, o xuíz declara extinguida a responsabilidade criminal aínda que as accións poderían continuar pola vía civil.

Unha vez resolta a causa polo Ministerio Fiscal e ditado auto xudicial, a denunciante Eva García de la Torre ten un prazo de tres días hábiles para presentar recurso. Aínda que a rexedora afirmou publicamente hai meses que se retiraría das causas contra o ex alcalde Santos, o certo é que a día de hoxe, Eva García de la Torre mantense como acusación particular.

Manuel Alejandro Lorenzo electo presidente do PP do Porriño

O concelleiro e alcalde pedáneo de Chenlo, Manuel Alejandro Lorenzo, foi electo por aclamación Presidente do Partido Popular do Porriño. A familia popular porriñesa abarrotou o salón principal do Restaurante Manolo para mostrar o seu respaldo ao xa proclamado presidente e participar no proceso que define o futuro próximo do PP do Porriño.

Acompañando a Lorenzo estiveron a presidenta do Congreso, Ana Pastor, o presidente provincial, Alfonso Rueda, o presidente da xestora Carlos Martínez, a vicepresidenta provincial e Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, a

presidenta do PP de Vigo, Elena Muñoz, entre outros, así como os compañeiros do grupo municipal do Porriño.

As palabras do novo presidente deixan clara a forza e a unidade coa que o PP do Porriño afronta esta nova etapa, "comezamos unha nova etapa, cun proxecto que afronta os problemas e busca solucións", sinalaba Lorenzo, "un proxecto no que todos loiten polos seus soños". Con forza renovada e co claro respaldo de afiliados e simpatizantes o Presidente chama a todos a "remar xuntos no mesmo camiño", un camiño que él mesmo



asegurou "pasa pola unidade de todo o Partido Popular no Porriño".

Pola súa banda, o presidente provincial, Alfonso Rueda destacou a idoneidade de Lorenzo para dirixir o partido "Alejandro Lorenzo ten todo o noso apoio", salientou, "é alguén con ganas, con empuje, que non ten problema en dar a cara, é valente... a persoa adecuada para volver a levar o barco do PP do Porriño a flote".

A presidenta do Congreso, Ana

Pastor, tamén respaldou e animou ao presidente que "todo o mundo sabe é un traballador incansable" que "conta coa admiración de todos, como así demostra este salón repleto". Pastor destacou tamén a unión do PP do Porriño entorno a Manuel Alejandro e ao seu equipo.

Lorenzo anunciou que nos próximos días comezará as reunións cos membros da xestora, concelleiros do grupo municipal e militantes para definir a nova

Executiva do PP local, que como xa adiantara, terá unha ampla representación dos diferentes sectores sociais do Porriño. O Presidente adiantou algún dos nomes que o acompañarán nesta nova etapa entre os que están Ana María Martínez, José Manuel Barros Martínez, Carlos Martínez, Avelina Tato, Iria Lorenzo, Vanesa Ucha, M. Paz Ferreira, Andrés Vieitez, José Carlos González, Antía Carrera e Ramón Porto Oya.

O PORRIÑO

O Concello reúnese coa asociación Lena para crear un refuxio de animais

O xoves, día 16, a alcaldesa, xunto cos responsábeis dos grupos municipais, mantén unha xuntanza cos representantes da Asociación Protectora de Animais Lena para tratar, de novo, sobre a creación dun refuxio de animais no Porriño.

O Goberno local mantivo, con antelación, distintas reunións cos responsábeis de Lena, nas que estiveron presentes o concelleiro de Urbanismo ou a alcaldesa, para tentar de atopar unha solución conxunta á necesidade de que exista un refuxio na vila. Ese foi o tema tratado nas catro xuntanzas anteriores celebradas o 27 de agosto e 19 de novembro de 2015, o 3 de marzo de 2016-hai apenas un ano-, e o pasado 24 de novembro, hai menos de catro meses.

Netas ocasións, o Goberno local informou á asociación sobre as xestións feitas ara atopar un lugar acaído no que sexa posible situar o refuxio, os reparos postos pola Xunta de Galicia ás propostas feitas polo Concello, as dificultades que plantexan os lugares hachados polo feito de non ter conexión á rede de saneamento e o plantexamento do propio Goberno local de facer, no caso de que fose necesario, unha poza séptica-e a valeírala cando sexa

preciso-. Nesa mesmas reunións o Goberno local mesmo solicitou a Lena a súa colaboración nestas xestións e, en todas elas, as dúas partes acordaron traballar xuntas.

Dende que se fixera cargo da responsabilidade de Goberno, o equipo dirixido por Eva García de la Torre mantivo unha colaboración constante coa Asociación Protectora Lena, un traballo en común que deu coma froitos, ademais da procura dun lugar para o refuxio, dúas campañas para promover á adopción, a impulsada nas pasadas Festas do Cristo de 2016 que tivo a súa continuación no Nadal pasado, hai apenas tres meses, na que se puxo a atención no feito de que os animais non son xoguetes para regalar en Reis.

A coperación con Lena seguiu o mes pasado: a Concelleira de Educacion impulsou un obradoiro sobre a Linguaxe Canina destinado a alumnas e alumnos de 2º de Primaria dos colexios do Porriño. No mesmo, os cativos aprenderon como achegarse a un can, a distinguir entre un can ou cadela asustada, leda ou enfadada, o que tiñan que facer antes de acaríñala e que sinais deben buscar para tranquilizala, ou tranquilizalo.

O concello do Porriño colaborará coa Federación Galega de Baloncesto e o Club Porriño de Baloncesto base na formación de árbitros e oficiais de mesa entre xogadores de 13 a 16 anos

O concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, o presidente da Federación Galega de Baloncesto (FGB), Francisco Martínez que estivo acompañado polo responsable de Relación cos clubs FGB en Vigo, José Luis Pérez- e o presidente do Club Porriño Baloncesto Base, José Carlos Ruíz Juane, asinaron un convenio de colaboración entre as tres entidades que permitirá a materialización de actividades de fomento da arbitrase a levar a cabo en O Porriño ao longo deste 2017.

O Concello e Club Porriño de Baloncesto Base, xunto co Comité Galego de Árbitros, emprenderán nunhas datas as tarefas de promoción dos árbitros e oficiais de mesa, buscando achegar esta imprescindible área do baloncesto a novos aspirantes a formarse na mesma.

O presidente da Federación Galega lembrou que foi no Porriño cando, en 1998, se fixo



por primeira vez a proposta de formar árbitros e oficiais de mesa entre xogadores de 13 a 18 anos, para garantir que haxa xuices nos encontros das categorías inferiores e, ao mesmo tempo adquiran un mellor coñecemento do regulamento.

Manuel Carrera salientou que para O Porriño, ao que se coñece coma o Concello do Deporte, é importante que “as rapazas e rapaces teñan capacidade de ampliar os seus coñecementos”, algo no que o Goberno local sempre contribuirá porque

“canta máis formación, non so haberá máis categoría das competicións e, sen dúbida, os adestradores, os directivos e, por suposto, os xuices, oficiais e árbitros, son todos eles deportistas”.

A xuízo da Federación Galega de Baloncesto, este importante paso dado polo Concello de Porriño e o Club Porriño de Baloncesto Base completa o camiño xa emprendido por outros clubs galegos como Carmelitas Vedruna, Bosco Salesianos Ourense e ADM Peleteiro.

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

Óptica mahen

Senén Canido 4 - PONTEAREAS

Ópticos desde 1939

LOURIÑA

MOS / SALCEDA

As mulleres de Mos reivindican o seu espazo na sociedade cunha andaina

O acto central conmemorativo do Día Internacional da Muller do Concello de Mos comezou cunha andaina polo Sendeiro Ecolóxico do Río Louro partindo do Parque da Pesqueira, na parroquia de Mos, congregando a 200 persoas de todas as idades. Estiveron presentes Susana López Abella, Secretaria Xeral de Igualdade, Nidia Arévalo, alcaldesa de Mos, e membros das corporacións de MOs, O Porriño e Redondela.

Trala andaina dirixíronse ao Pazo de Mos, onde a especialista en igualdade Alba Alonso, deu unha charla titulada "Necesitamos nenas valentes e nenos sensibles".

Cartel

Mos considera ás súas mulleres o corazón do Concello, e por iso este ano, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, quíxolles render ás

súas veciñas máis destacadas unha homenaxe moi especial, ser a imaxe do cartel da programación. Para elo 20 mulleres mosenses de relevancia e destacadas en diferentes ámbitos como o cultural, social, educativo, deportivo ou empresarial.

Estas mulleres son a presidenta actual e a expresidenta e fundadora de Asodifisi (Asociación de Diminuídos Físicos e Psíquicos de Mos), Asun e Maruja, respectivamente; as campioas deportivas Patricia Martínez (Baile Deportivo), Susana Alonso (Ciclismo de Montaña) Soledad Castro (Atletismo) e Celia Iglesias (Natación); a empresaria Pili Carrera, a poeta María Magdalena, a cantante Uxía; Silvina, integrante do grupo Malvela; Lorena, monitora da Piscina Municipal; Marta, Policía Local (a primeira e única Policía Local muller de Mos); Ma-



riví da directiva da Asociación de Mulleres Rurais, Ángeles Lorenzo a directora da Banda de Música Xuvenil de Torroso, María José a coordinadora de Mos Axuda, a irmá Ascensión das Escravas da Virxe Dolorosa de Petelos, Begoña Pérez Vila, ex directora e actual profesora do IES de Mos, a deseñadora de

moda Elena Rial e Maribel Lorenzo, voluntaria da Agrupación de Protección Civil de Mos.

O programa do Día Internacional da Muller 2017 incluíu tamén o musical "La Calderona" do actor mosense Pablo Paz e da actriz Natalia Calderón e a III Xornada Multilabores da Asociación de Palilleir@s de Mos.

Cristian de Samil en Sacela

A Asociación de Mulleres Rurais de Salceda organiza un espectáculo a cargo de Cristian de Samil para o vindeiro domingo 19 de marzo ás 19:00 horas no Auditorio Municipal.

Poucos son os que nunca escoitaron falar de Cristian de Samil, que se ten convertido nun referente no mundo do espectáculo da cidade de Vigo. Cristian leva case 20 anos namorado de Vigo. Aínda que naceu en Elda, na provincia de Alicante, recoñece que se sente moi vigués. Comezou a súa andaina en Vigo na rúa Colón, nun lugar que por aquel entón se chamaba O Candilejas, ata que un bo día foron a buscalo do Hotel Samil ofrecéndolle realizar o seu espectáculo en exclusiva para o hotel, lugar onde actualmente realiza o seu espectáculo de transformismo baixo o nome de Cristian de Samil.

As entradas para este espectáculo, "Mami & monólogos" xa están á venda en varios establecementos: Bar Ozores, Bodeguilla Z9, Carlos Pérez ou dirixíndose a calquera das compoñentes da directiva da Asociación. O custe da entrada é de 10 €.

O mosense Antonio Barros Serodio líder dos Recanteiros no Luar da TVG

O mosense Antonio Barros Serodio clasificouse no primeiro posto da terceira rolda, na sección Recantos do programa Luar da Televisión de Galicia, o pasado venres 10 de marzo; revalidando a posición das dúas roldas anteriores.

Barros, que representa o Recanto de Vigo e comarca interpretou nesa ocasión a canción "Los ojos de la española" que acadou o maior apoio do xurado e dos televidentes que partici-



paron a través das chamadas telefónicas.



PEDRAFURADA



Especializados en:

Callos caseros - Churrasco

Lamprea - Bacalao

Paella - Pulpo A Feira

Codillo - Ternera

Cordero - Cabrito y

Pollo al Horno casero

Dúo Musical y Aparcamiento Gratis



PRECIOS ESPECIALES PARA GRUPOS

Información y Reservas 616 144 306 - 986 659 184

OLEIROS - SALVATERRA

AGENTE007.es

¿CREES QUE TE ESPÍAN?
¿SOSPECHAS DE ALGUIEN?
¿QUIERES VIGILAR TU COCHE O TU CASA?

En nuestra página web tenemos todo lo que necesitas:

- CÁMARAS ESPÍAS
- MICRÓFONOS OCULTOS
- LOCALIZADORES GPS
- EQUIPOS DE SEGURIDAD



Telf: 633417007



email: info@agente007.es



www.facebook.com/agente007.es



www.twitter.com/agente007.es

SALCEDA DE CASELAS

Salceda reclama solucións para o servizo de Correos

O Concello de Salceda de Caselas ven de solicitar unha xuntanza co xefe da zona noroeste de Correos, Ángel Pérez, para tratar de buscar unha solución á situación de caos que sofre actualmente o servizo no municipio, que non cumpre nin de lonxe os parámetros establecidos no Servizo Postal Universal baseados no

dende o grupo de goberno, "Isto está ocasionando situacións de extrema gravidade para veciños e veciñas en temas capitais como a perda das citas médicas, cortes de luz a familias por non ter recibido en tempo e forma avisos previos, a perda dos dereitos de pensións dos emigrantes retornados, ou a perda de citacións

selas, carece da figura do carreiro urbano, algo incompreensible se temos en conta que na capital do Concello habitan 3800 habitantes.

Salceda de Caselas é, xunto a Ames, o Concello de Galicia que mais medrou en poboación nos últimos anos, pasando de unha poboación de 5000 habitantes no ano 1997 ata os 8914 da actualidade (preto dun 40%). "O dinamismo social, económico e comercial de Salceda debe ser ben coñecido en Correos, propio dun Concello incardinado na Área Metropolitana mais dinámica do país: a Área Metropolitana de Vigo", apuntan dende o consistorio.

Son múltiples as queixas que se teñen recibido no Concello nestes meses, especialmente a partir de outubro e novembro, tanto na Oficina Municipal de Consumo (OMIC) como no Rexistro Xeral do Concello.

O alcalde, Marcos Besada, demanda "solucións urxentes para garantir a calidade do servizo de Correos en Salceda, coa adopción de medidas de reforzo na área de reparto e de aumento de personal. O dinamismo do noso municipio e a baixa media de idade fai que o servizo de Correos sexa un servizo fundamental que debe funcionar perfectamente, polo que non podemos seguir a soportar esta situación de caos".



criterio de reparto digno á cidadanía.

Dende o Concello denuncian que os recortes que Correos estableceu no Concello de Salceda de Caselas están a motivar unha situación insostible. "As baixas no persoal de reparto teñen xerado que o reparto eventual especialmente nas parroquias de Picoña, San Xurxo e Santa María sexa tardío e de mala calidade", especifican

xudiciais entre outras".

A esto hai que sumar que unha das repartidoras no casco urbán da Esfarrapada se atopa de baixa dende hai varios meses, polo que a carga de traballo se multiplica entre os catro carreiros e carteiras do resto do Concello, sendo os veciños e veciñas da vila os afectados "colaterais" desta situación. A vila da Esfarrapada, capital de Salceda de Ca-

Salceda de Caselas deixa ouvir a súa voz no Parlamento Europeo



O alcalde de Salceda de Caselas, Marcos Besada, acompañado polo Concelleiro de Seguridade, Facenda e Réxime Interior, José Luís González, participou en Bruselas nas sesións de traballo, debate e análise de REALPE, Reunión das Autoridades Locais Progresistas de Europa, respondendo a unha invitación formulada pola eurodeputada da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica, Lidia Senra.

Marcos Besada presentou neste foro europeo, os traballos e iniciativas que se desenvolven en Salceda de Caselas de cara "a promover unha integración efectiva das persoas que forman parte da Salceda que construímos entre todos e todas", subliñou.

Así, Besada, falou dos proxectos de Alfabetización de Inmigrantes e de Apoio extraescolar de reforzo lingüístico de nenos e nenas que realizan os voluntarios e voluntarias

e que, explicaba o alcalde, "son claves para unha integración efectiva na vida de Salceda".

Daba conta tamén o rexedor salcedense dos plans de formación que se realizan no CDL 'O Torrón' a través de obradoiros de habilidades sociolaborais e de procura de emprego e do traballo que desenvolvía o Programa de Alimentos e o Roupeiro Municipal, palabras que foron seguidas con grande interese por parte de todos os presentes.

Marcos Besada amosou a súa satisfacción "non só por presentar as numerosas iniciativas que o Executivo local desenvolve de cara a integración real e efectiva dos inmigrantes na vida social, cultural e laboral do municipio", senón tamén polo feito "de poder facelo na nosa lingua, o galego, diante de compañeiros e compañeiras dos 28 países membros da Unión Europea" algo que, subliñaba Besada "produce unha satisfacción moi especial".

www.novasdoeixoatlántico.com

PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Argentina, 11 - Salceda de Caselas
 ☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
 ☎ 986 658 529

Móvil 645 316 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

Citanía
Mobiliario & Descanso

Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas
Telf./ Fax : 986 34 06 06
www.facebook.com - info@citaniasalceda.com
www.citaniasalceda.com

VAL MIÑOR

BAIONA

O concello de Baiona aproba un orzamento para 2017 de 8,5 millóns e 758.000 euros de inversión

O Concello de Baiona aprobou un Orzamento para o ano 2017 de 8,5 millóns e 758.000 euros de inversión nunha sesión plenaria na que tamén saíu adiante unha moción sobre a conciliación familiar.

“Estamos ante unha partidas municipais realistas, uns Orzamentos que buscan a mellora dos servizos públicos. Non é casualidade o bo funcionamento do Concello, estou moi orgulloso do equipo de goberno e dos funcionarios”, afirmou o alcalde, Ángel Rodal.

O documento orzamentario aprobouse cos votos do grupo municipal do Partido Popular despois de que a Tenente de Alcalde, María Iglesias, fixese unha pormenorizada exposición das partidas. A concelleira destacou o aumento dun 13 por cento no Servizo de Atención Domiciliaria (SAD), ata os 15.000 euros, así coma o novo renting contratado polo Concello para dispoñer de catro vehículos por un importe anual de 21.000 euros.

“O do ano pasado foi un bo orzamento e este o vai a seguir



sendo porque non se abandona nada, cubre a atención das persoas que precisan asistencia e cubre toda a actividade cultural da Vila, que é moita en comparación con outros concellos e que tamén é motivo de orgullo de todos os baioneses”, apuntou Iglesias.

No documento orzamentario se presentan unhas inversións que alcanzan os 758.444 euros, con importantes gastos nas me-

lloras de camiños municipais (70.000 euros), accesibilidade (33.000), saneamentos (53.000), mobiliario da biblioteca (35.000) e eficiencia enerxética (20.000), capítulo este último no que o Concello aforrou o pasado ano 42.000 euros grazas as medidas adoptadas.

Tamén a posta a punto da carabela “La Pinta” para que estea nas mellores condicións no 525 aniversario do Descubrimento a

celebrar en 2018, supón unha importante inversión e destínanse 30.000 euros para levar a embarcación ao estaleiro da Guarda.

Ademais, a produtividade dos operarios recibe unha partida de 31.281 euros, un 30% máis que en 2016, e o alcalde aclarou que a Relación de Postos de Traballo (RPT) que están a negociar poderán engadirse nos orzamentos unha vez aprobada.

O BNG reclama unha solución ao transporte do Val Miñor ao CUVI

O Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas no Val Miñor, tras manter diversos encontros coa FAVALMI (Federación de ANPAS do Val Miñor), apoiando e compartindo as súas reivindicacións, reclamará que a Mancomunidade do Val Miñor inste á Xunta de Galiza para que implante un servizo regular de transporte público entre os tres concellos do Val Miñor e o Centro Universitario de Vigo, inserido dentro do plan de transporte metropolitano.

A conexión entre o Val Miñor, sin ter necesariamente que desplazarse a Vigo, é xa unha reclamación histórica do sector do ensino, mais que nunca viu colmadas as súas aspiracións ao non establecerse unha solución acaída. De feito, a maioría de estudantes universitarios de Baiona, Gondomar e Nigrán vese na obriga de recurrir ao transporte privado.

O BNG realizará tamén iniciativas no Parlamento Galego co fin de que esta reclamación, que partiu da iniciativa social protagonizada pola FAVALMI, se efective.

O PP rexeita as medidas presentadas polo BNG para incentivar o uso do vehículo eléctrico

A moción do Bloque Nacionalista Galego - Asembleas Abertas en Baiona avogaba por unha adaptación da normativa municipal que impulsase e contribuíse á implantación do vehículo eléctrico como unha alternativa real ao transporte privado con motores de combustión.

Si ben é certo que a ordenanza reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica, coñecido habitualmente como a rodaxe, xa contempla en Baiona unha redución do 75%, tamén o é que as normativas urbanísticas municipais non se teñen adaptado á realidade e cambios nos hábitos que supón o uso dun transporte que contribúe á redución da emisión de CO2 e o ruído.

As dúas principais eivas con que se pode atopar o usuario dun

vehículo eléctrico son a súa autonomía e os tempos de recarga, polo que se deben facilitar medios para combatilas. Eis a clave pola que a instalación de puntos de cargas en Baiona constituirá non só a que cada vez máis persoas opten por esta opción todavía hoxe minoritaria, sinón que aquelas que xa o sexan poñerán no punto de mira das súas rutas e visitas a un concello que dí presumir dunha excelencia turística que semella esquivarse á hora da innovación.

As vagas excusas de que hai que agardar “a ver que pasa” cos estudos doutras administracións públicas non delatan máis que unha sumisión e falta de previsión do Goberno Municipal. Cando o uso do vehículo eléctrico estean moito máis extendido

Baiona estará aínda prevendo e estudando ubicación e proxectos para instalar puntos de carga en instalacións municipais ou nas súas rúas.

Resulta paradoxico como cando xurden rumores da instalación dunha megafactoría de Tesla no noso entorno a todo o mundo parécelle prioritario, toda vez que os plans da empresa pioneira na fabricación de coches eléctricos non contempla nos seus plans a medio e longo prazo nin un só supercharger en toda Galiza.

“Eis a diferenza entre un Goberno Municipal que non ten proxecto para Baiona e un BNG-AA que ten perfectamente definida a orientación cara unha Baiona que afronte o Século XXI á vangarda.” remata a nota do BNG.

Seguimos ofrecéndolles información interesante na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLANTICO

JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

Cafe - Bar SOEIRAS

Tel.: 986 601 796

Pontenova 10b-Gullarei 36700 -Tui (Pontevedra)

TUI

Conferencia de Carme Adán en Tui

Organizada polo Instituto de Estudos Agrários Mártires de Sobredo

O IEAMSo, Instituto de Estudos Agrários Mártires de Sobredo, naceu co obxectivo de manter vivos na memoria os sucesos acontecidos en Sobredo en 1922, enmarcados na loita agraria e que rematarían coa redención dos foros, difundir o coñecemento destes feitos e situar esa loita e ese movemento asociativo na actualidade.

Este próximo novembro cumprense 95 anos do sucedido na parroquia de Guillarei e desde o Instituto desexan traer Sobredo á actualidade e reivindicarmos os valores solidarios e construtivos na procura dunha



vida máis xusta que moveron á sociedade daquela época.

Para mantermos vivos estes valores, coñecemos o noso pa-

sado e sabermos quen somos na actualidade, organizan o ciclo de conferencias e mesas redondas: "A actualidade desde Sobredo".

Así, no curso de actividades relacionadas co día da muller traballadora e diante das continuas noticias referidas aos graves sucesos de violencia de xénero, organizan a 2ª conferencia do Ciclo o venres, 17 de marzo na sala de conferencias do edificio San Domingos, que está situado na Alameda de Tui, ás 19 horas; para a que contamos coa participación da ensaísta e profesora Carme Adán Villamarín, para tratar o asunto baixo o título de: "A xustiza pola man. Retos do feminismo."

TOMIÑO

Tomiño xestiona en Madrid a adxudicación do antigo destacamento de mariña de Forcadela para a creación dun albergue inclusivo e unha aula de interpretación das fortalezas

Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, reuniuse esta mañá en Madrid, co Director General de Infraestructura do Ministerio de Defensa, Eduardo Zamarripa, co obxecto de solicitar a desafectación do antigo destacamento de Mariña situado na parroquia de Forcadela, co obxecto de adquirir o edificio, que se atopa en ruínas dende hai décadas, e convertelo nun albergue inclusivo para o Centro de Persoas con Discapacidade "Vontade", con sede en Tomiño, e ao que asisten persoas de toda a comarca.

A rexedora local estivo acompañada polos presidentes de COCEMFE (Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica) Anxo Queiruga, e do Centro Vontade, Miguel Pazo.

A alcaldesa manifestou a súa satisfacción pola boa disposición do Ministerio no que respecta á desafectación do inmovible que, tras a taxación correspondente, adxudicárase



directamente ao Concello. "Este é un primeiro paso, pero agardamos que se concrete, coma outros moitos proxectos nos que traballamos, e poidamos ter unha nova infraestrutura de carácter social para a nosa comarca", explicou Sandra González, tras a reunión.

O proxecto do Centro Vontade prevé tamén a creación dunha aula de interpretación para por en valor as fortalezas militares do último tramo do río Miño e unha nave para actividades náuticas inclusivas, coma as que leva a cabo o Club Sen Amarras.

Os turistas contarán cun "servizo lanzadeira" de taxis para achegarse ao Monte Aloia dende a Semana Santa

Dende a Semana Santa, turistas, peregrinos e veciños que queiran achegarse ao Parque Natural do Monte Aloia, xoia medioambiental de Tui, contarán cun novidoso servizo de lanzadeira de taxis con prezos vantaxosos.

O novo servizo xorde co acordo chegado entre o a Concelaría de Turismo e a Asociación Taxista de Autopatrolos de Tui polo que se establecen tres rangos de tarifa plana de subida e baixada ao Parque Natural. A primeira delas terá un custe de 12€, ida e volta, para visitas inferiores a 30 minutos. A continuación, o prezo será de 16€ cun tempo de espera de 30 minutos e de 20€ para visitas de 1 hora. Todas as viaxes teñen como punto de partida e destino a parada de taxis na rúa Camilo José Cela, ao carón do vello centro de saúde. Lógrase así unha redución significativa nos custes para os usuarios á vez que se dota dun servizo seguro, profesional e



constante para a visita e promoción do monte.

Segundo apunta o concelleiro de Turismo, Laureano Alonso, o obxectivo é "promocionar un recurso turístico tan importante para Tui como o Monte Aloia" á vez que se "potencian as visitas ao centro de interpretación". Así mesmo, "evítase o intrusismo" nestas viaxes, dando maior seguridade aos usuarios.

O Concello de Tui divulgará entre os visitantes este novo servizo a través de folletos e cartelería que será distribuída nos principais puntos de información.

II Feira ALTERNATIVA
San Gervasio
19 Marzo 2017

19 MARZO DOMINGO
TUI Plaza del comercio

Concurso disfraz canino 11:00 hrs.
Premiacións: 1º, 2º e 3º lugar ao máis elaborado e orixinal.
Participar só mascotas domésticas.
Chegar media hora antes do evento para anotarse.
Cose da inscripción: 1€ beneficio.

Concurso disfraz infantil 13:00 hrs.
Premiacións: 1º, 2º e 3º lugar ao máis elaborado e orixinal, en cada categoría.
1ª Categoría: participar menos entre 3 e 5 anos.
2ª Categoría: participar menos entre 6 e 10 anos.
Chegar media hora antes do evento para anotarse.
Cose da inscripción: 1€ beneficio.

INCHABLE
Cineclubes telexos de TUI a través regulares e informados para o teu negocio.

CETRERÍA ACTUACIONES OURELLAS Benéficas

PARTICIPA POR UNHA BOA CAUSA

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

As comparsas tomiñesas arrasan cos premios en Santiago de Compostela, Vigo e arredores

As comparsas tomiñesas conseguiron moitos dos primeiros premios dos desfiles de Entroido organizados en Galicia.

O caso máis chamativo foi o de Santiago de Compostela, no que tres das principais comparsas de Tomiño (Ciklón, Estrelas da Noite e Luces) acadaron primeiro, segundo e terceiro premio, respectivamente.

Tamén o primeiro premio de Vigo foi para Luces, de Tomiño, coa súa espectacular réplica da ponte Rialto, de Venecia, arredor da que danzaban parellas con traxes de época.

Os oitenta compoñentes de Ciklón acumularon no seu haber nada menos que cinco grandes premios coa súa "Ponte en hora": catro primeiros (Pontevedra, O Rosal, Ames, A Coruña e Santiago de Compostela) e un 2º (Baiona).



Examen CODIX de ofimática no CeMIT

A partir do mércores 15 de marzo, ábrese o prazo de inscrición para realizar o exame de obtención do título de competencias dixitais en ofimática, "CODIX", da Xunta de Galicia.

Como todos os anos, a Aula CeMIT de Tomiño será un dos lugares onde se poderá realizar a proba, que terá lugar o xoves 27 de abril ás 10 da mañá.

As persoas interesadas en conseguir esta titulación non teñen máis que ser usuarias rexistradas da Rede CeMIT e inscribirse.

Para as persoas que queiran prepararse para facer o exame, estanse a facer unha serie de cursos de ofimática na Aula CeMIT tomiñesa, aínda que non é requisito para realizar a proba, xa que calquera que xa teña os coñecementos, ou os prefira preparar pola súa conta, pode facelo pola súa conta.

Por outro lado, asistir aos cursos tampouco implica ter que facer o exame.

Para máis información, chamar ao teléfono 986623304, mandar un correo electrónico a cemit.tomino@xunta.gal ou vir a Aula CeMIT, situada no parque do Campo da Feira, de luns a venres de 9:30 a 14:00 e martes e xoves, de 19:15 a 20:30h.

Cento cincuenta nenos e nenas de Primaria estrean a nova pista de atletismo da Área Deportiva do Mosteiro

Cento cincuenta alumnos e alumnas de Primaria estrearon o 10 de marzo, a nova pista de atletismo construída polo Concello de Tomiño na Área Deportiva do Mosteiro, situada ao lado do CEP Pedro Caselles.

As probas, de promoción do deporte, estiveron coordinadas por Agrudebam (Asociación Deportiva Baixo Miño), e realizáronse a partir das dez e media da mañá, coa participación de 150 nenos e nenas de 5º curso, procedentes dos cinco colexios tomiñeses de Primaria e do Suárez Marquier, do Rosal.

As probas nas que participou o alumnado foron: 60m Lisos,

500m Lisos, Lanzamento de Vórtex, Salto de Lonxitude, Lanzamento de peso de 2kg, e Relevos 4x60 m.

A nova pista de atletismo posúe catro calles e 200 metros de lonxitude, debido ás posibilidades dimensionais do espazo da parcela. O investimento total foi de 54.716 euros financiados a través do Plan Concellos 2016, da Deputación de Pontevedra.

O espazo interior da pista acondicionouse con céspede natural, co propósito de empregalo como campo de fútbol.

A nova instalación ponse ao servizo da comunidade escolar do colexio Pedro Caselles, e tamén

da cidadanía en xeral, fora do horario escolar.

Con esta nova obra, a Área Deportiva do Mosteiro conta cunha pista de atletismo, tres de tenis e unha de pádel, que ocupan 5.405 m² da parcela. A estas hai que sumar as instalacións do CEP Pedro Caselles (dúas pistas pequenas de baloncesto, outra polivalente e un campo de volei), que ocupan outros 25.000 m².

O concelleiro de Deportes, Ismael Troncoso, salienta que a utilización conxunta de todas as instalacións "supón un equipamento deportivo moi completo, se se realiza un uso sostible e razoable do espazo".



A GUARDA

A comparse 'Duendeoiavai' do Club As Lebre de Oia e a carroza 'África' de Ana Pereira gañadoras do Entroido gardés

Dende o venres 24 de febreiro as rúas da Guarda enchéronse de cores, disfraces, música e moita troula. A saída do Entroido 2017 a puxo o "Entroido dos coles" o venres pola mañá, cos alumnos e alumnas dos centros escolares da vila como protagonistas.

O día seguinte, sábado 25, celebrouse o "Sábado da mocidade", coa proxección do filme Vicky El Vikingo pola tarde, e pola noite, na Carpa da Alameda tivo lugar o concerto do grupo pontevedrés Gold and Colt, e pasadas a 1 da madrugada a gran novidade deste ano: o primeiro Concurso Drag Queen Guardés. En total houbo dez participantes e os gañadores foron: La Paca de Fornelos y sus secuaces, Pedroches II e Mikaela. O rematar o concurso, seguiu a troula coa "Festa hortera" a cargo de DJ Celig.

Tamén o domingo 26 houbo moita música polo "Día das familias" a cargo da orquestra Carambola na Carpa da Alameda. Xa o luns de carnaval os nenos e nenas guardeses volveron a ser o centro da festa, na Biblioteca Municipal realizouse un Obradoiro de Máscaras e Pintacaras e pola tarde, na Alameda, a actuación do Trío Refugallo e do Grupo La Tingana.

E para rematar o entroido guardés por todo o alto, o martes 28 estaba programada a celebración do Desfile-concurso de ca-

rrozas e comparsas. O mal tempo fixo que fora aprazado ata o sábado 4 de marzo día no que, esta vez si, os participantes puideron tomar as rúas da Guarda e enche-las de monxas, vikingos, artistas de circo, bolboretas e decenas de traballados disfraces. O primeiro premio da categoría de carrozas, dotado con 250 €, foi para a carroza 'África' de Ana Pereira Castro. O segundo posto, cun premio de 150€, foi para 'O xardín encantado' da Asociación STUDIO 88.

Na categoría de comparsas o primeiro e segundo posto, cun premio da mesma contía que na categoría de carrozas, foron a parar a 'Duendeoiavai' do Club As Lebre de Oia e a 'Felicidade dos maiores' do Club da 3ª Idade, respectivamente. A categoría de

grupos quedou deserta.

No apartado individual, na categoría xuvenil-adulto, o primeiro premio de 90€ foi para o disfraz 'La última guerrera'. En segundo posto quedou Publio Quintili Varo, cun premio de 70 €, e en terceiro lugar, con 50€, 'GO - GO'. Na categoría infantil o primeiro premio, de 90€, foi para 'El pirata y su tesoro'. En segundo lugar, os 70€ foron ás mans do disfraz 'Arabia Saudí' e os 50€ do terceiro os recibiu 'Chino Taxi'. En cuarto posto, con 30€, quedou a 'Bailarina rusa' e coa mesma dotación económica recibiron o quinto premio 'Os piratas da Cunchada' e o sexto 'Alicia e a Reina de corazóns'.

Coa celebración do desfile e da festa do Sábado de Piñata a partir da medianoite, rematou o

sábado 4 de marzo un entroido conseguiron despedirse por todo cargado de actividades e festa o alto, vencendo incluso á do que os veciños e veciñas choiva.



TOMIÑO

O tomiñés Brais Pereira logra a medalla de bronce no nacional de judo

Celebrouse en Pinto (Madrid) o campionato de España Junior de judo, no que participou o judoka tomiñés Brais Pereira Amorín do Club de Judo Baixo Miño, que chegaba como un dos favoritos a facerse co título da categoría, tras a súa clasificación directa por ser o 3º no ranking nacional.

O deportista gañou todos os seus combates ata as semifinais, nas que caeu nunha disputada ofensiva, ante o madrileño que se alzaría logo co título. Aínda así Brais repúxose e gañou a medalla de bronce pola máxima puntuación IPPON, demostrando así ser un dos mellores judokas do ámbito nacional na súa categoría.

O judoka viaxa o fin de semana do 18 a Coímbra para participar na Copa de Europa Junior e tentar puntuar a nivel europeo.



Literatura e cine nos últimos actos do ciclo dedicado á muller

Logo dun mes con mesas redondas, concentración, espectáculos e cine, seguindo co programa organizado por Concello e Deputación de Pontevedra con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, o venres 17, ás 20.30 horas, no Mercado Municipal, Montse Fajardo presentará os seus textos literarios "Un cesto de mazás" e "Matriarcas".

Pechará o ciclo, a película "Sicixia", de Ignacio Vilar, que se proxectará o sábado 18 de marzo, a partir das 20.30 horas no Auditorio de Goián.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Guarda asistiu en Madrid á reunión da Rede Española de Destinos EDEN

A técnico de Turismo do Concello da Guarda, Rosalía Verde, asistiu o 21 de febreiro en Madrid a unha reunión convocada pola Secretaría de Estado de Turismo, co obxectivo de coordinar actuacións e propostas para a promoción dos destinos turísticos da Rede EDEN.

A reunión comezou coa intervención de Antonio Nieto, Subdirector General de Cooperación y Competitividad Turística da Secretaría de Estado de Turismo, e asistiron técnicos de turismo doutros destinos EDEN, persoal de TURESPAÑA e de SEGITTUR.

Nesta reunión abordáronse

cuestións como a visibilidade dos destinos EDEN nas actuacións de promoción estatais e en mercados internacionais, elaboración dun plan de marketing, xestión de contidos nos portais turísticos de TURESPAÑA, etc.

Un dos temas claves da reunión foi a posibilidade de constituír a "Asociación Española de Destinos de Excelencia (EDEN)" que facilitará a coordinación coa Secretaría de Estado de Turismo e permitirá un contacto máis fluído coa Rede Europea de Destinos EDEN, e as posibles actuacións de promoción conxuntas.



Aberto o prazo para inscribirse na primeira das andainas organizadas polo Concello para este ano

Como cada ano, dende o Concello da Guarda orgánzanse diversas andainas coas que se busca ofrecer aos veciños e veciñas alternativas de lecer saudable e ao aire libre. A primeira destas andainas terá lugar o sábado 25 de marzo, cun percorrido de 17 quilómetros. A saída realizarase dende o Camiño dos Burros en San Xián (O Rosal) ata chegar á Guarda. Esta andaina é gratuíta e as inscricións poderán realizarse ata o 20 de marzo xa que se emprega un autocar para o traslado dos participantes ata o inicio da ruta.

Este ano volveuse a organizar esta actividade conxuntamente coa localidade portuguesa de Caminha e na que se ofertarán 6 andainas programadas dende a Concellería de Deporte e Patrimonio para este 2017.

Para as dúas andainas organizadas antes do descanso de verán o prazo de inscrición pechará o 19 de abril. A segunda andaina será o sábado día 6 de maio. Trátase dunha ruta entre Allariz e Augas Santas, cunha distancia total de 15 quilómetros; e a terceira realizarase o sábado 3 de xuño, nunha ruta de tamén 15 quilómetros, pola Illa de Arousa.

En agosto, o luns 28, está programada unha andaina á Romaría de Arga de San Joao en Caminha, na que se poderán inscribir ata o 21 do mesmo mes.

A seguinte será en setembro, o sábado día 26, e propónse unha ruta de 22 quilómetros polas Fortalezas do Baixo Miño. A última terá lugar o sábado 7 de outubro, cunha ruta polas Lagoas de Bertandos e S. Pedro (Ponte de Lima). O prazo de inscrición para estas dúas andainas estará aberto ata o 30 de agosto.

Todos os interesados en realizar as inscricións, consultar calquera dúbida ou obter máis información poden poñerse en contacto coa Oficina de Turismo da Guarda de maneira presencial de 9 a 14 horas de luns a venres, no teléfono 986 61 45 46 ou a través do correo electrónico turismo@aguarda.es.

Presentación do libro "Yo también emigré a la República Federal de Alemania"

A vila da Guarda está a vivir un comezo de ano moi cultural e, en concreto, con numerosos actos adicados á literatura. O Centro Cultural volveu a coller a presentación dun libro, neste caso da obra "Yo también emigré a la República Federal de Alemania (1960-1980)" de Práxiteles González Martínez.

Ao cargo deste acto estivo o propio autor do libro, Práxiteles González e José Antonio Urís Guisantes, colaborador da obra. Trátase do quinto libro do autor, nado no Rosal, que con 25 anos emigrou a Alemaña na busca dun futuro mellor.

Nesa época compaxinaba as 12 ou 14 horas de traballo

maña, volta a España colabora cos corresponsais de periódicos como 'La Voz de Galicia' ou 'El Faro de Vigo', onde tamén se publican varios dos seus artigos.

Das súas experiencias como emigrante e dos amplos coñecementos adquiridos durante eses anos nace "Yo también emigré a la República Federal de Alemania (1960-1980)", a obra foi presentada no Centro Cultural da Guarda. Os asistentes ao evento puideron coñecer de boca do autor os pormenores e detalles dunha obra autobiográfica, que traerá recordos das experiencias propias a moitas persoas e a outras axudoulles a descubrir a experiencia dun galego na emigración.



Cinema itinerante de "A Caixiña dos Mistos" na Guarda



A caixiña dos mistos, o cinema máis pequeno do mundo" estivo na Alameda da Guarda, o día 8 de marzo para conmemorar o Día Internacional da Muller. O éxito foi absoluto e as nais, pais e os nenos e nenas da Guarda quedaron gratamente satisfeitos coa iniciativa organizada polo CIM da Guarda e subvencionada pola Deputación de Pontevedra.

Esta proposta consistiu nunha caravana itinerante na que se proxectan diversas curtametraxes e contido audiovisual

e que vai dirixida a nenos e nenas de 3 a 12 anos, que poden acceder a esta orixinal sala de proxección en grupos que non superen os 20 integrantes.

"A Caixiña dos Mistos" leva percorrendo numerosas localidades galegas dende 2009 e chegou á Guarda para ofrecer aos cativos e cativas da vila unha experiencia innovadora e próxima coa que achegarse a un tema de tanta relevancia na actualidade como é o da igualdade entre homes e mulleres.

Aprobación definitiva dos orzamentos da Guarda para 2017

O pasado día 23 de febreiro quedou definitivamente aprobado o orzamento do Concello da Guarda para o ano 2017. Os orzamentos foron aprobados inicialmente no mes de decembro, logo de conversas cos diferentes grupos da oposición que se iniciaron en novembro. No mes de decembro obtiveron a aprobación inicial e xa nese plenario se indicou que era moito mellor aprobar uns novos orzamentos que prorrogar os de 2015 debido a que co novo orzamento se atenden mellor as necesidades e demandas dos veciños e veciñas da localidade.

Unha vez obtida a aprobación inicial, o orzamento pasou o trámite de exposición ao público e se presentaron dúas alegacións, unha do Partido Popular e outra dun particular que foron informadas negativamente tanto polo secretario como pola interventora do concello. Así, no mes de febreiro levouse ao pleno o rexeitamento das dúas alegacións e ao obterse este rexeitamento quedou aprobado definitivamente o orzamento para 2017.

Neste orzamento a principal e máis importante modificación atinxe aos servizos sociais, que ven incrementadas as súas partidas en 100.000€, ascendendo a cantidade total para este departamento aos 500.000€. Esta dotación vai adicada ao servizo de axuda no fogar, á dependen-



cia, á cota que se paga polo programa de xantar na casa, ao servizo de CIM (un dos máis valorados da provincia), xa que conta con traballadora social, psicóloga, avogada e psicólogo infantil; e ao propio departamento de servizos sociais que está constituído por unha asistente social, unha técnica, unha auxiliar administrativa e unha educadora. Trátase dun servizo que ademais atende as emerxencias sociais que se producen na nosa localidade e que teñen unha moi variada casuística. A isto temos que engadir a colaboración de asociacións que no noso concello traballan estreitamente co departamento de Servizos Sociais como son Cruz Vermella, San Vicente de Paul ou Conrazones.

Tamén existe un incremento

na contía que se adica a determinadas asociacións que modificaron as súas características, cousa que non se podería atender de prorrogarse os orzamentos de 2015. O Concello da Guarda é un dos que máis adica a subvencións destinadas a entidades de carácter social, deportivo e cultural debido á riqueza, calidade e variedade das organizacións que desenvolven un traballo diario, de xeito continuo e altruísta, que engrandece a nosa vila. A estas e ao seu traballo adicamos en total arredor dos 145.000€.

Por outra banda este orzamento permite un maior axuste das partidas orzamentarias para conseguir unha mellor prestación dos diferentes servizos públicos e ser máis efectivos e eficaces ao introducir partidas

para mellorar o funcionamento da propia administración, programas de xestión de persoal, programa de axuda no fogar, mellora da paxina web (na que se está traballando), a administración electrónica, a adquisición de material informático (xa moi obsoleto no noso concello), a redacción do Plan de accesibilidade, a elaboración da RPT ou a rectificación do inventario.

Todo isto nun contexto de estabilidade orzamentaria, sen incrementar os impostos e taxas municipais e reducindo a débeda cos bancos para o cal no ano 2017 adicaremos 150.000€ en conceptos de amortización máis intereses, ata situar a débeda cos bancos do Concello da Guarda na cifra case simbólica de 150.278,16€.

Saída de fin de semana á Serra do Courel

Tras as boas experiencias dos pasados anos coas andainas impulsadas dende o Concello da Guarda, para o vindeiro mes de abril este organiza conxuntamente con Eroski Viajes unha saída de fin de semana ao Courel na que se poderá desfrutar da gran riqueza natural e paisaxística desta Serra luguesa.

A saída será os días 22 e 23 de abril, unha vez pasada a Semana Santa e xa metidos de cheo na primavera, e nela realizaranse dous percorridos pola Serra. A saída inclúe desprazamento de ida e volta en autocar e pensión completa en aloxamento rural por un prezo estimado de 89 € por persoa.

A saída será o sábado 22 ás 8'30 horas e o regreso o domingo día 23 a partir das 18 horas.

Esta actividade conta con prazas limitadas e os interesados teñen de prazo para realizar a inscrición ata o mércores 29 de marzo. Tanto para realizar estas inscricións como para consultar máis información poden poñerse en contacto coa Oficina de Turismo da Guarda de maneira presencial de 9 a 14 horas de luns a venres, no teléfono 986 61 45 46 ou a través do correo electrónico turismo@aguarda.es.



VIGO

Os alcaldes do PP da Área de Vigo non aceptan a limosna dun "Plan Micropolitano"

Non queremos a limosna do Plan Micropolitano", así de contundentes se amosaron os alcaldes e voceiros populares dos 14 concellos da área de Vigo que se reuniron na mañán do 11 de marzo na sede local de Vigo.

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo explicou que "os alcaldes do PP non van aceptar un plan que non é igual ao resto de Galicia. Pedimos o mesmo que hai na Coruña, en Ferrol, en Santiago ou en Lugo. Abel Caballero non admite ser igual que o resto de grandes cidades e leva aos habitantes da área de Vigo e aos seus propios veciños a un transporte de segunda".

Neste sentido consideran que o plan micropolitano que propón agora é un engano, unha migalla e

un plan de segunda que ofrece aos alcaldes que o secundaron e do seu signo para tapar o fracaso da Área Metropolitana que, segundo o propio alcalde de Vigo, funcionaba "a pleno rendemento".

Nidia Arévalo, que xunto ao alcalde de Redondela, Javier Bas, actuou como voceira dos populares, sinalou que é difícil entender como, despois da tantas discusións, Abel Caballero decide romper con todo unilateralmente e deixar tirados aos alcaldes que o secundaron na súa fuxida cara adiante.

Os populares entenden que "os alcaldes e portavoces deses concellos que se adscriban ao plan micropolitano terán que explicar aos seus veciños por que aceptan ser menos que os outros concellos de



AGENTE007.es

VOCÊ ESTÁ SENDO VIGIADO?
VOCÊ SUSPEITA DE ALGÉM?
QUER PROTEGER SEU CARRO OU SUA CASA

Nosso site tem tudo o que você precisa:

- CÂMERAS DO ESPÍO
- MICROFONES OCULTOS
- LOCALIZADORES GPS
- CÂMERAS DE SEGURANÇA

Tel: 633417007

email: info@agente007.es

www.facebook.com/agente007.es

www.twitter.com/agente007_es


Galicia e por que aceptan ese transporte de segunda e que expliquen de paso porque asumen a "Tasa Caballero" que leva a todos a pagar de máis".

Deste xeito, indicou que "isto non vai só dos veciños dos concellos pequenos, vai tamén dos veciños de Vigo que teñen que pagar esa 'Tasa Caballero', porque esa bandeira do victimismo na que se envolve Caballero a quen prexudica tamén é aos seus propios veciños".

Nesta liña tamén se pronunciou Javier Bas, que dixo que "o problema é que esta actitude de Caballero implica a morte da Área Metropolitana. Sen transporte non hai Área,


pero sen área tampouco hai outros servizos que estaban previstos e que van quedar sen desenvolver: urbanismo, augas, emerxencias... Con todo iso rachou Caballero. Quedou claro que quería a Área como unha plataforma. Se non, tería seguido adiante".

O alcalde de Redondela tamén indicou que Abel Caballero nin cumpriu coa súa palabra de aplicar o convenio que firmara con outras administracións nin cumpriu a súa palabra de respectar o Contencioso. "Estalle faltando ao respecto a todos os veciños e tamén ao xuíz con ese recurso que dixo que gañaría e do que agora non quere saber nada".



Por MARTIRENA

Martirena



CONFITERIA
Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables
coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

NOVAS DA RAIA

1ª Feira de Emprego e Formação do Alto Minho a 1 e 2 de abril

Durante o primeiro fim-de-semana de abril, o Pavilhão Multiusos de Vila Nova de Cerveira será o ponto de encontro entre quem recruta e quem procura emprego na região. A 1ª Feira de Emprego e Formação do Alto Minho (FEMF.AM) conta com a participação de dezenas de empresas e instituições com várias ofertas de emprego. Entrada livre.

Com organização da Associação Cultural e Recreativa Minho na Vila (ACRMV), e apoio do Município de Vila Nova de Cerveira, esta iniciativa visa dar a conhecer as propostas diretas de emprego com a presença de várias empresas, de stands sobre os cursos e oportunidades de estudo para jovens que anseiam iniciar o percurso profissional, para além de se constituir como

um espaço para troca de contactos e de experiências de forma a potenciar novas ideias de negócio.

Para Alexandre Hilário Barbosa da ACRMV, este certame apresenta-se como “uma oportunidade única do público em geral poder candidatar-se às vagas disponíveis em empresas de grande estrutura regional espalhadas pelos vales do Minho e Lima”. O edil cerveirense congratula-se com o percurso traçado na consolidação empresarial do concelho, “através da criação de uma rede de parcerias que nos ajudem neste desidrato, alicerçadas em algumas das excelentes instalações que o nosso perímetro industrial possui, nomeadamente a creche, o CAE e o Multiusos”. “Hoje o principal problema dos nossos empresá-

rios é a falta de mão de obra para pudermos, como é sua vontade, ampliar as suas empresas, e é de felicitar o promotor desta feira pela sua visão”, assegura Fernando Nogueira, acrescentando: “Cerveira quer estar um passo à frente e proporcionar às empresas, aos empresários e aos trabalhadores, melhores condições de trabalho e valorização profissional de forma a promover a inovação e o desenvolvimento, fator chave para reforçar a internacionalização”.

Ao longo de uma área de 1.350m2, este evento pode dar respostas para uma melhoria profissional. Com entrada livre, a 1ª Feira de Emprego e Formação do Alto Minho decorre nos dias 1 e 2 de abril, no Pavilhão Multiusos, entre as 10h00 e as 20h00.



Mais uma Fábrica em Valença

Parque Empresarial Continua a Crescer

O Parque Empresarial de Valença vai receber mais uma nova unidade industrial ligada à transformação de alumínio.

A nova unidade industrial ocupará um lote de terreno com 17 mil metros quadrados, do Parque Empresarial de Valença, localizado em Gandra.

Esta nova unidade industrial junta-se a um conjunto de investimentos recentes em novas unidades e na ampliação de existentes de que se destacam a ampliação da Antolin e a nova unidade da Marsan.

Valença é, cada vez mais, atrativa para a fixação de novos investimentos industriais não só no cluster automóvel, mas nas mais diversas áreas. Hoje, posiciona-se como um dos grandes polos de atração de investimento estrangeiro.

A oferta de solo industrial infra-estruturado, mão de obra



cada vez mais qualificada, acessos rodoviários por auto-estrada aos grandes polos industriais da Península, proximidade a portos e aeroportos colocam Valença no topo dos locais de preferência dos grandes investidores.

A aposta na captação de novos investimentos tem sido uma das grandes prioridades do concelho que neste momento dispõe do Parque Empresarial de Valença e da Zona Industrial de São Pedro da Torre. Nestas duas áreas industriais estão garantidos investimentos superiores a 30 milhões de euros, nos próximos dois anos, em novas fábricas e na ampliação de unidades industriais existentes.

Fundação Bial de Arte de Cerveira participa na Bolsa Turismo de Lisboa

A Fundação Bial de Arte de Cerveira (FBAC) vai marcar presença na BTL – Bolsa Turismo de Lisboa, que decorre de 15 a 19 de março, em Lisboa, com uma ação promocional da XIX Bial Internacional de Arte de Cerveira (15 julho a 16 setembro 2017). A bial de arte mais antiga do país apresenta-se, assim, na maior feira de turismo de Portu-

gal como uma das ofertas turísticas do Município de Vila Nova de Cerveira para este ano.

Esta participação decorrerá no espaço do Consórcio Minho IN, integrado no stand da Entidade de Turismo do Porto e Norte de Portugal (ETPN).

A BTL promete muitas surpresas ao longo dos 1200 expositores, onde estarão presentes os

representantes de turismo internacionais e regionais, agências de viagens e operadores turísticos, hotelaria, transportes, entre muitos outros.

Na sua 29.ª edição a BTL, feira de turismo organizada pela FIL e Fundação AIP, espera superar os 75 mil visitantes do ano passado.

Programa da participação de Vila Nova de Cerveira | 18 de março (sábado)


14h00 às 20h30 – Elaboração de crachás personalizados; distribuição de flyers e de vouchers de entrada para a XIX Bial Internacional de Arte de Cerveira (Stand Minho IN);
14h00 às 20h00 – Pintura ao vivo com artista convidado Ricardo de Campos. (Stand Minho IN);
16h30 – ADEIXA – XIII Dancerveira (Stand ETPN);
16h00 – Apresentação da XIX Bial Internacional de Arte de Cerveira, pelo Presidente da FBAC e do Município, Fernando Nogueira, e coordenador artístico do evento, Cabral Pinto. (Stand ETPN);
20h00 – Sorteio de obra de arte (Stand Minho IN).



O Festival de Cans reconece a traxectoria do actor Miguel de Lira co Premio Pedigree 2017

Asemblea da Asociación Arela decidiu concederlle nesta edición o Premio Pedigree 2017, o seu máximo galardón honorífico, ao actor Miguel de Lira (Lira, 1964), un deses intérpretes que medraron á par que o fixo o audiovisual propio de Galicia. Fiel seguidor e difusor do Festival de Cans desde a primeira edición, Cans quere contribuír deste xeito a recoñecer o traballo dun actor que consideramos imprescindible no panorama do audiovisual galego actual.

Case sen darnos de conta, toda unha xeneración de actores e actrices de Galicia superou os cincuenta anos de idade e xa levan máis de tres décadas instalados na nosa iconografía popular. Miguel de Lira é un deses intérpretes que medraron ao mesmo tempo que o foi facendo audiovisual propio de Galicia. Cunha filmografía de máis de vinte filmes, Miguel de Lira foi intérprete e ás veces tamén cómplice de filmes de éxito e representativos do cinema galego recente como "Galatasaray-Depor" de Hannes Stohr, "A esmorga" de Ignacio Vilar, "Os Fenómenos" de Alfonso Zarauza, "Somos gente honrada" de Alejandro Marzoa ou "Crebinsky" de Enrique Otero, película pola que recibiu o premio ao mellor actor protago-



nista nos Mestre Mateo 2010. Pero, ademais da súa traxectoria en longametraxes, Miguel de Lira é un actor versátil, que ten traballado en curtas, na televisión e no teatro. O seu personaxe de Evaristo Currás na serie "Mareas Vivas" ou o seu papel protagonista na serie da TVG "Pepe o Inglés" convertírono nun actor icónico en Galicia, e a súa labor como fundador da Compañía Chévere desde 1986 estivo recompensada co Premio Nacional de Teatro en 2015. O Festival de Cans

non só premia a Miguel de Lira polo seu amplo currículo, traxectoria e versatilidade como actor, senón tamén polo seu compromiso coa sociedade, a cultura do país e o entorno que o rodea.

Así mesmo, a organización do festival decidiu outorgarlle os Chimpíns de Prata "Premio Pepe

Puime", que recoñecen cada ano o apoio que unha personalidade lle outorga ao festival e mais o labor dos veciños e veciñas de Cans, a Jorge Coira, profesional do sector audiovisual que ten traballado no espallamento, difusión e fomento do Festival de Cans participando nel en pasadas edicións como xurado ou como ponente en "Cans do futuro" ante as novas xeracións de creadores e creadoras, e a Feliciano Bernárdez "Xano", o chimpineiro máis veterano de todos os que levan a cabo esa tarefa no festival. Todos eles recollerán o seu premio na "Noite das Homenaxes" que se celebrará o venres 26 de maio no Torreiro de Cans.

O acto rematará coa colocación de estrela de Miguel de Lira. Continúa así completándose un grupo de recoñecidos Premios Pedigree compartido tamén con Luís Tosar, Celso Bugallo, Antón Reixa, Chete Lera, María Bouzas, María Pujalte, Mabel Rivera, Xavier Villaverde, Ernesto Chao, Antonio Durán "Morris", Manuel Manquña, Javier Gutiérrez ou Emma Lustres.

Cans bate de novo o seu récord de curtas inscristas

O Festival de Cans bate un ano máis o seu récord de curtas inscristas, pois recibiu na súa convocatoria para as seccións oficiais a concurso un total de 235 producións galegas, o que supón case un 10% de incremento con respecto á edición anterior, na que chegaran 215 traballos. Divididas por categorías recibíronse un total de 147 curtametraxes de ficción e non ficción, 15 de animación e 75 videoclips.

Estes datos convidan ao optimismo sobre o ritmo de produción das creadoras e creadores galegos, acadando un paso adiante cuantitativo e tamén cualitativo nas pezas recibidas edición tras edición. A organización móstrase sorprendida de que un ano máis, a pesar de ser un certame onde só se admiten curtametraxes de directoras e directores galegos, continúen subindo as cifras de obras presentadas.

Con respecto ao apartado de curtametraxes de ficción, segue rexistrándose un gran volume de traballos de creadores e creadoras galegos que viven e desenvolven a súa actividade profesional fóra de Galicia. Así o constatan as producións recibidas dende lugares como Madrid, Barcelona, Sevilla ou Valencia e tamén desde diversos países do mundo entre os que se atopan Inglaterra, Estados Unidos, Portugal, Italia, Francia, Bélxica, Finlandia, Brasil ou Arxentina. O tipo de xéneros ao que pertencen as curtametraxes inscristas nunca foi tan variado: abrangue dende a comedia ata o drama, pasando polo biopic histórico, o thriller ou o musical.

Obsérvase tamén como dato moi positivo o a recepción dun número considerable de curtametraxes de animación que garante a constitución desta categoría nesta edición do festival, e que estará caracterizada por unha calidade excepcional.

No tocante aos videoclips, foron 73 as pezas recibidas ubicadas nun amplo abano de estilos musicais entre os que se atopan o pop, o rock, o folk, o hip-hop, a electrónica, o ska ou incluso o metal, símbolo da boa saúde e variedade de bandas e estilos musicais que existen en Galicia.

Dá comezo agora para a organización un exhaustivo e laborioso proceso de visionado e selección, que se prolongará durante varias semanas e a través do cal se elixirán as obras finalistas en cada categoría.



Difícil tarefa do financiamento

O Festival de Cans continúa na difícil tarefa da busca de patrocinios para poder completar satisfactoriamente o seu orzamento. Unha vez confirmado o apoio do Concello do Porriño, resta aínda por saber que lle darán ao festival as axudas da Deputación de Pontevedra e, sobre todo, as da Xunta de Galicia a través da Agadic, as máis importantes para a súa celebración.

Este é o motivo polo que a Asociación Arela fai un chamamento a empresas privadas, entidades e particulares para buscar xeitos de colaboración dentro da campaña "Amadriña ou padriña un jalpón".

Neste momento o festival ten cinco salas con madriña ou padriño, polo que se poñen as cinco restantes a disposición de posibles patrocinadores como espazo promocional privilexiado para poder chegar ao orzamento necesario e garantir que o festival se celebre os catro días previstos, do 24 ao 27 de maio.

SMARTPHONE WEIMEI NEON
WeOS Android 6.0 Dual SIM, 854x480 Pix, Quad-Core 1GHz, Cámara Frontal/ Delantera 5MP/2MP, 1GB RAM, 16GB ROM, Micro SD hasta 128GB, 2300 mAh, DOBLE WHATSAPP.

REGALO
Cristal Templado + Auriculares

99€

ESPECIAL DÍA DEL PADRE

ALTAVOZ PORTÁTIL MANTA
SPK5004 DORE
Subwoofer x 12", Altavoz x 10"
40W AC 230V-50Hz, Portátil
LED, Entradas: Jack 6.3 mm
guitarra + 2 micrófonos, USB
SD AUX-IN, Bluetooth integrada
con caja y ruedas. Batido
integrado 403x622x378 mm.

99€

LED LG
43UH620V
WeOS 3.0 Triple XD Engine Quad Core, 3840 x 2160p, 1200Hz PVA, HDR Pro, Smart Share, PP Cinema PurKolor, Multimedia, 4K UHD, USB, CI, Wi-Fi LAN.

ESPECIAL DÍA DEL PADRE

LG Smart TV
HDR 4K
LG UHD TV

499€

LAVADORA SIEMENS
14822H
Blanco, WaterPerfect™ SpeedPerfect 65%, más rápida.
Programa rápida 15 min 648 x 598 mm.

CLASE A+ **6** **LED**

299€

NAVIA CENTER

Teixugueiras, 25 NAVIA - VIGO Tel. 986 246 067
naviacenter@gmail.com

BOINSCON CENTER

Concha Brey, 4 PONTEAREAS Tel. 986 640 115
tienda@boinscon.com



MASTER
CADENA

ABIERTO TAMBIÉN SÁBADO TARDE

ELECTRODOMÉSTICOS - AIRE ACONDICIONADO - INFORMÁTICA - TELEFONÍA